

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 9 de SETEMBRO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 9 de setembro, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2016, do 29 de xullo.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 18001 á número 20700, de 2016.](#)

[3.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia seguintes:](#)

Números 18441 do 02/08/2016 e 19291 do 18/08/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Números 18442 do 02/08/2016, 18444 do 02/08/2016 e 19289 do 18/08/2016 sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento. Núm. 6929, do 30/03/2016, 7697 do 12/04/2016 e 7698 do 12/04/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[4.-Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a programación do ano 2016 e aprobación do correspondente convenio.](#)

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

[5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, para o financiamento dos servizos sociais básicos da Mancomunidade de municipios de Ordes \(Frades, Ordes e Oroso\) en 2016.](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Remo de Ares para financiar a adquisición dunha furgoneta.](#)

[7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club de Fútbol Dumbría para financiar a adquisición dunha furgoneta.](#)

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar o Máster en Estudos da Unión Europea. Edición 2015-2016.](#)

[9.-Aceptación da cesión de uso do novo local situado no Centro Tecnolóxico de Arteixo para a súa utilización como oficina tributaria e recadatoria da Zona 1 e aprobación do texto do convenio.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico.

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da obra de “Mellora das rúas interiores do lugar de Quenxe”.

11.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia para o financiamento da obra de “Sinalización e seguridade viaria no casco urbano de Noia”.

12.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Acondicionamento e mellora da rúa Travesa”, do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0076.0.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

13.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2016.

14.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31/07/2016 e proxección a 31/12/2016.

15.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012 do 1 de outubro. Execución do segundo trimestre do exercicio 2016 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

16.-Dar conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2017.

17.-Aprobación definitiva da Conta Xeral do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2015.

18.-Toma de coñecemento da aprobación definitiva da Conta Xeral do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2015.

19.-Autorización do expediente de modificación de créditos 01/2016 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

20.-Aprobación da conta integrada da xestión recadatoria relativa aos recursos doutros entes públicos e recursos propios correspondentes ao exercicio 2015.

21.-Aprobación da modificación da Ordenanza fiscal nº 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame.

22.-Aprobación da modificación, cambio de denominación e redacción íntegra da Ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa por autorizacións para a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público ou nas zonas de protección das estradas da rede de titularidade da Deputación Provincial da Coruña.

23.-Adhesión ao convenio entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para a Recadación en Vía Executiva dos Recursos de Dereito Público das Corporacións Locais.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular para a implicación e participación da Deputación da Coruña nas medidas de apoio para as zonas afectadas polos incendios forestais.

-Moción dos grupos provinciais de PSdeG-PSOE e BNG-Asembleas de Abertas sobre os proxectos de aplicación de tecnosolos ou solos artificiais elaborados a partir de residuos.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 9 DE SETEMBRO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 9 de setembro de 2016, reuniuse a Excm. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a ROCÍO FRAGA SAENZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D ^a ROSA M ^a GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almu Supeví, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Bos días, empezamos esta sesión ordinaria de Pleno gardando un minuto de silencio polo accidente ferroviario do Porriño que acaba de acontecer hai unhas horas.

(Gárdase un minuto de silencio)

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 7/2016, DO 29 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 7/2016, do 29 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 18001 Á NÚMERO 20700, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 18001 á número 20700, de 2016.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA SEGUINTE:

Números 18441 do 02/08/2016 e 19291 do 18/08/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Números 18442 do 02/08/2016, 18444 do 02/08/2016 e 19289 do 18/08/2016 sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento. Núm. 6929, do 30/03/2016, 7697 do 12/04/2016 e 7698 do 12/04/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

O Pleno toma coñecemento das seguintes resolucións da Presidencia:

Números 18441 do 02/08/2016 e 19291 do 18/08/2016 sobre cesamento de persoal eventual.

Números 18442 do 02/08/2016, 18444 do 02/08/2016 e 19289 do 18/08/2016 sobre nomeamento de persoal eventual para realizar función sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

4.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA FINANCIAR A PROGRAMACIÓN DO ANO 2016 E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2016.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2016*, por importe de 30.000 €, cun orzamento subvencionado de 38.124,24 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega para financiar a *Programación do ano 2016*

Na Coruña,

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e literatura.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación e á difusión de información relevante para a cidadanía.

2.- A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) foi fundada no ano 1980 e, na actualidade representa os intereses dun total de 434 escritoras e escritores.

A AELG traballa de cara á promoción dos autores, á súa visibilidade pública ao fomento da súa interconexión e intercambio de ideas, proporcionando foros para o debate.

3.- A AELG conta cun portal web que é todo un referente de consulta para as persoas asociadas e para o conxunto da sociedade; neste portal inclúese o *Centro de Documentación de Escritores en Lingua Galega*, que foi posto en marcha coa colaboración desta Deputación.

4.- Ademais, a AELG conta cun *Espazo Didáctico* no que se ofrece material aos centros educativos; cunha editora virtual *Aelg Editora*, para dar oportunidade de editar aos máis novos; cunha *Aula de escritores*, espazo reservado para a oferta de cursos on-line dirixidos a docentes; co apartado *Literatura na rede*, onde se seleccionan as mellores ligazóns no ámbito literario; cunha *Axenda cultural*, que permite acceder ás novas relativas ao sector; e coa sección *Palabras na memoria*, que permite aos internautas reportar a existencia de palabras que non figuran nos dicionarios para reinsertalas no acervo lexical da nosa lingua.

5.- A AELG celebra unha serie de citas anuais: a homenaxe "*O escritor na súa terra*", dedicada a un autor veterano das nosas letras; a homenaxe "*Os bos e xenerosos*" no que se destaca, non só unha traxectoria literaria, senón o compromiso ético coa literatura galega; os *Premios AELG* ás mellores obras literaria do ano.

6.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (NIF: G15039936) para financiar o **Programación do ano 2016**.

Nestas actividades inclúense as seguintes actuacións:

- * Gravación dunha entrevista á informante de literatura de tradición oral, Dolores Macías para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG.
- * Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de roteiros literarios pola provincia para a sección “Territorio Escritor/a”.
- * Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través das redes sociais.
- * Servizo de información (Axenda Cultural).
- * Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as. Inclúe a creación da sección “Arquivo fotográfico do sistema literario de Galicia”.
- * Revisión dos contidos achegados por socias/os a través da ferramenta “Espazo Probado de Socios/as”.
- * Asesoría laboral e fiscal.
- * Escola de escritoras e escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña.
- * Homenaxe “O/A Escritor/a na súa Terra – Letra E”.
- * Gala do libro galego.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Gravación dunha entrevista á informante de literatura de tradición oral, Dolores Macías para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG.	2.700,00
Elaboración por parte de socios-as da AELG e xeorreferenciación de roteiros literarios pola provincia para a sección “Territorio Escritor/a”.	2.275,00
Servizo de difusión dos contidos da web da AELG a través das redes sociais.	1.350,00

Servizo de información (Axenda Cultural).	6.000,00
Mantemento de infraestruturas tecnolóxicas e mantemento correctivo e evolutivo de software da web da AELG e da aplicación de socios-as. Inclúe a creación da sección “Arquivo fotográfico do sistema literario de Galicia”	6.000,00
Revisión dos contidos achegados por socias/os a través da ferramenta “Espazo Probado de Socios/as”.	1.000,00
Asesoría laboral e fiscal.	3.000,00
Escola de escritoras e escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia da Coruña.	2.060,00
Homenaxe “O/A Escritor/a na súa Terra – Letra E”.	8.115,54
Gala do libro galego	5.623,70
TOTAL	38.124,24

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 78,69 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,69 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AELG obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á AELG.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á AELG para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00€, con carácter previo á contratación, a AELG deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AELG.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á AELG unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AELG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2016, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a AELG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á AELG para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AELG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AELG na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AELG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A AELG deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A AELG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AELG deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AELG poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AELG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56^a.6^o das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AELG serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á AELG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizarse dende o 1 de xaneiro de 2016.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da AELG, realizada, polo menos, dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES, PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DE ORDES (FRADES, ORDES E OROSO) EN 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de agosto de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes (P1500003G) para financiar “Os *servizos sociais comunitarios básicos da Mancomunidade de municipios de Ordes (Frades, Ordes e Oroso) en 2016*”, cunha achega da Deputación de 121.745,87 €, que supón unha porcentaxe do 71,82% do orzamento subvencionado, que é de 169.504,43 €, importe que será aboado

conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 2016/0611/23121/46301 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de maio de 2017.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES PARA O FINANCIAMENTO DOS “SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS DA MANCOMUNIDADE DA COMARCA DE ORDES (FRADES, ORDES E OROSO) NO 2016”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

E doutra parte D. Roberto Rey Martínez, presidente da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Que a Deputación provincial é competente para proporcionar apoio técnico, económico e xurídico aos concellos na execución das súas competencias en servizos sociais, e o fomento da prestación unificada destes ao amparo do disposto na Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36, na Lei de administración local de Galicia 5/97 arts. 109 a 119, así como na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 63 a cal establece que as deputacións proporcionaránlles asistencia aos concellos, especialmente para a prestación de servizos sociais. Estas competencias tamén se recollen no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes (P1500003G), para o financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos de Frades, Ordes e Oroso mediante o financiamento do persoal destes servizos.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO. Gastos de persoal (Retribución bruta e seguridade social)				
Módulos	Persoal subvencionado	Tipo de xornada	Orzamento	Achega Deputación
I	Auxiliar administrativo 1 Ordes	Completa	43.913,53	25.944,1
II	Técnico de grao medio 1 Ordes	Completa	22.754,08	21.435,14
III	Técnico de grao medio 2 Oroso	Completa	23.832,54	21.435,14
IV	Persoal auxiliar SAF Básico Frades		24.303,29	17.643,83
V	Persoal auxiliar SAF Básico Ordes		25.269,48	17.643,83
VI	Persoal auxiliar SAF Básico Oroso		29.431,51	17.643,83
TOTAL			169.504,43	121.745,87

* Non se financiarán gastos de quilometraxe e material

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 121.745,87 €, o que representa unha porcentaxe de 71,82 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 71,82 %, da cantidade efectivamente xustificada. Non obstante, para obter a achega provincial en cada módulo, os gastos executados en cada un dos módulos deberá alcanzar a achega provincial para o módulo. Noutro caso, a contía da achega reducirase ata que esta, xunto cos outros ingresos obtidos para o mesmo módulo iguallen ao gasto executado. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46301, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, e copagamento, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que, en cada módulo, o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado en cada módulo, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 56^o das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade por cada módulo.
- A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Poderán descargar o modelo de memoria na plataforma Subtel na convocatoria do FOPPS.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas e/ou ingresos de usuarios/as recibidos para a mesma finalidade por cada módulo.
- A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.
2. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de marzo de 2017.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderás realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á devandita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de maio de 2017.

2.Para o caso de que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes non poida presentar a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a **prórroga** solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE REMO DE ARES PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º Aprobar a formalización dun Convenio de Colaboración co Club de REMO de ARES para financiar a Adquisición dunha furgoneta cunha achega de 25.400,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00% que poderán aboarse con cargo á aplicación 0620/3411/62401.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE REMO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DUNHA FURGONETA PARA USO DO CLUB

REUNIDOS

Dunha parte. D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, D. _____, Presidente do Club de Remo de Ares

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Club de Remo de Ares (G-15102254) ten entre os seus fins o fomento e o impulso da práctica continuada do deporte, en concreto a modalidade de Remo, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel ou destinatario

SEGUNDO.- A Deputación recoñece o importante labor que realiza o club no fomento do deporte en todas as idades

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, unha furgoneta con destino ao Club de Remo de Ares

SEGUNDA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 25.400,00 € que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3411/62401

TERCEIRA.- A Deputación cederalle gratuitamente a furgoneta ao Club de Remo de Ares

CUARTA.- Na devandita furgoneta figurará rotulada co logotipo da Deputación Provincial e lateralmente coa frase "Cedida pola Deputación Provincial da Coruña".

QUINTA.- O Club de Remo de Ares correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

SEXTA.- A furgoneta destinarase exclusivamente a fins propios do Club de Remo de Ares durante toda a vida útil do vehículo. En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

SÉTIMA.- O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario con data do ___ de ___ de 2016

Así o din, asinan e outorgan en exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO**

**O PRESIDENTE DO
CLUB DE REMO DE ARES**

Xesús M.Soto Vivero

Germán Sánchez Vilar”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE FÚTBOL DUMBRÍA PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DUNHA FURGONETA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º Aprobar o texto e a formalización dun Convenio de Colaboración co Club de Fútbol de Dumbría para financiar a Adquisición dunha furgoneta cunha achega de 25.400,00 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00%, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0620/3411/62401

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB DE FÚTBOL DE DUMBRÍA PARA O FINANCIAMENTO DUNHA FURGONETA PARA USO DO CLUB

REUNIDOS

Dunha parte. D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, D. _____, Presidente do Club de Fútbol de Dumbría

Ambas as partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Club de Fútbol de Dumbría (G-_____) ten entre os seus fins a promoción do deporte na Costa da Morte non só en fútbol base, senón tamén noutros deportes minoritarios como o voleibol e o ciclismo.

SEGUNDO.- A Deputación reconece o importante labor que realiza o club no fomento do deporte en todas as idades

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación adquirirá conforme os trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais, unha furgoneta con destino ao Club de Fútbol de Dumbría

SEGUNDA.- O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 25.400,00 € que serán achegados na súa totalidade pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0620/3411/62401

TERCEIRA.- A Deputación cederá gratuitamente a furgoneta ao Club de Fútbol de Dumbría

CUARTA.- Na devandita furgoneta figurará rotulado co logotipo da Deputación Provincial e lateralmente coa frase "Cedida pola Deputación Provincial da Coruña.

QUINTA.- O Club de Fútbol de Dumbría correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

SEXTA.- A furgoneta destinarase exclusivamente a fins propios do Club de Fútbol de Dumbría durante toda a vida útil do vehículo . En caso contrario reverterán automaticamente á Deputación.

SETIMA.- O presente convenio terá vixencia desde a data da súa firma ata o 31 de decembro de 2016

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de data ____ de ____ de 2016

Así o din, asinan e outorgan por cuadruplicado exemplar no lugar e data fixados no encabezamento

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE
CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E
EQUIPAMENTO**

**O PRESIDENTE DO
CLUB DE FÚTBOL DE
DUMBRÍA**

Xesús M.Soto Vivero

César Ferrío Martínez

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA FINANCIAR O MÁSTER EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA. EDICIÓN 2015-2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu Regulamento.

2º.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal do gasto, de conformidade co establecido no art.176 do texto refundido da Lei de facendas locais.

3 - APROBAR o texto e a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para cofinanciar o Máster en Dereito: Especialidade en estudos sobre a Unión Europea. Edición 2015-2016 cunha achega provincial de 7.500,00 €, o que supón unha porcentaxe de financiamento do 79,79% sobre un orzamento total de 9.400,00 €, e que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3269/45390.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O COFINANCIAMENTO DO “MÁSTER EN DEREITO: ESPECIALIDADE EN ESTUDOS DA UNIÓN EUROPEA”, EDICIÓN 2015-2016

Na Coruña, o de do dous mil

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Doutra, D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña (CIF Q6550005J).

Os dous actuando para e por conta das entidades que representan, no exercicio das funcións e poderes que legalmente posúen e mutuamente se recoñecen,

EXPOÑEN

O Instituto Universitario de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga” (CIF Q6550005J), da Universidade da Coruña (IUEE, en adiante), ten como obxectivo favorecer a promoción e o desenvolvemento do coñecemento e da investigación

científica sobre os aspectos máis útiles da realidade internacional e europea, así como o ensino dos estudos internacionais e europeos, en particular os relativos á Unión Europea.

Este centro docente e investigador obtivo da Unión Europea o recoñecemento de Centro de excelencia Jean Monnet “Institución e Dereito da UE” (número de referencia 2013-3040/001-001). Os Centros de excelencia artellan a realización de actividades docentes e de difusión científica e social de temas da Unión Europea, sendo un trazo distintivo da súa maneira de actuar a apertura a outras institucións.

O IUEE colabora coa Facultade de Dereito da Universidade da Coruña nas actividades do “Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, que organiza a devandita facultade. A implantación deste Posgrao, de carácter académico-investigador, foi aprobada polo Decreto da Consellaría de Educación núm. 51/2006, do 23 de marzo (DOG núm. 61, do 28 de marzo).

O Centro Europe Direct, da Deputación Provincial da Coruña (Centro ED, en adiante), pola súa banda, é un enlace europeo de información cuxo obxectivo é pór a información comunitaria a disposición dos concellos da provincia e dos cidadáns en xeral, a fin de responder as súas expectativas e achegalos á construción europea, así como facilitar o acceso dos concellos ás diversas fontes de financiamento comunitarias.

Xa que a finalidade común ás dúas institucións é a promoción do coñecemento dos temas comunitarios, considérase de especial interese colaborar para poder ofrecer a máis alta calidade docente e especialización práctica nesta materia polo que as dúas institucións acordan establecer un convenio de colaboración consistente na organización e financiamento de conferencias e/ou obradoiros en colaboración co Centro de excelencia “Jean Monnet - Institucións e Dereito da UE” da UDC- do **“Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea”, edición 2015-2016.**

Co obxectivo de desenvolver este interese compartido, consideran conveniente formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

Os obxectivos do convenio son os seguintes:

* Reforzar a excelencia do labor docente e de difusión científica do Centro de excelencia “Jean Monnet - Institucións de Dereito da UE”, coa intervención de especialistas de recoñecida competencia en temas técnicos, prácticos e de actualidade sobre o proceso de integración europea.

Con tal finalidade, as dúas partes comprométense a levar a cabo as seguintes actividades:

A) CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

A Deputación Provincial da Coruña concederá unha liña de axuda destinada ao financiamento de conferencias e/ou obradoiros.

A programación será aprobada polo IUEE “Salvador de Madariaga”, coa conformidade da Deputación da Coruña, e darase finalmente o seu traslado á coordinación do “*Máster en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea*”, edición 2015-2016

Nestas conferencias e/ou obradoiros intervirán profesores doutras universidades e profesionais de recoñecida competencia, tanto das distintas administracións públicas como de institucións privadas.

Estes especialistas terán a condición de “conferenciantes” e a súa intervención vincularase ás materias propias da Unión Europea.

As conferencias e/ou obradoiros desenvolveranse no marco das actividades do Centro de excelencia “Jean Monnet - Institucións de Dereito da UE”.

Na publicidade destas conferencias/obradoiros figurarán, xunto aos logos da Universidade da Coruña, do Centro de excelencia “Jean Monnet” e do IUEE “Salvador de Madariaga” o logo da Deputación Provincial da Coruña.

II. ORZAMENTO SUBVENCIONADO DE GASTOS DAS CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

O orzamento subvencionado está constituído polos gastos de desprazamento, axudas de custo e remuneracións dos especialistas que participen nas **conferencias e obradoiros sinalados no apartado A)** anteriormente citado, co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE
Remuneracións	7.000,00
Axudas de custo	900,00
Desprazamentos	1.500,00
TOTAL	9.400,00

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A) CONFERENCIAS E/OU OBRADOIROS

1. A achega da Deputación Provincial da Coruña para o cofinanciamento das conferencias e/ou obradoiros será de **7.500,00 €**, que supón o **79,79 %** do custo da actividade prevista, 9.400,00 €, segundo o orzamento subvencionado indicado na cláusula II.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,79 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta

inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3269/45390, do orzamento xeral para 2016, segundo se indica no apartado B).

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

B) IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA

1. A imputación orzamentaria é a seguinte:

ANUALIDADE	PARTIDA	OBXECTO	ACHEGA
2016	0111/3269/45390	Achega para o Programa de conferencias/obradoiros do Máster UE (79,79 % do orzamento subvencionado)	7.500,00 €
TOTAL			7.500,00 €

2. Para as anualidades futuras, advírteselle á UNIVERSIDADE DA CORUÑA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á UNIVERSIDADE DA CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a UNIVERSIDADE DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao establecido na lexislación de contratos do sector público.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A UNIVERSIDADE DA CORUÑA fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación na documentación que derive da execución do Máster.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. O pagamento da achega provincial realizarao a Deputación Provincial da Coruña a favor do IUEE “Salvador de Madariaga” (CIF Q6550005J), da Universidade da Coruña, na conta 0049/0007/23/2612071316 (Banco de Santander), baixo o concepto “Conferencias e obradoiros da Deputación Provincial”, unha vez rematadas as conferencias e obradoiros aos que se refire o apartado A) da cláusula I, e despois do informe favorable dos servizos administrativos correspondentes, da Deputación da Coruña, así como da súa Intervención Xeral ao respecto da seguinte documentación:

- a) **Certificación clasificada dos gastos realizados** emitida polo órgano xestor competente da UDC, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.
- b) **Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos** polo órgano competente.
- c) **Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o previsto na cláusula VIII.
- d) **Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.**
- e) **Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V**, mediante a presentación dos documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada no apartado anterior e se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a UDC terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I.A, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a UDC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á UDC para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da

subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á UDC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A UDC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente ou mediante a presentación dos correspondentes certificados. Coa subscripción do presente convenio, a UDC autoriza a Deputación á obtención telemática das citadas certificacións.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A UDC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a UDC poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a UDC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da UDC serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á UDC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web “www.dicoruna.es”.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio estará vixente, con carácter retroactivo, dende o 1.09.2015 ata o 31.12.2016.

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación

XIV. NATURALEZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público. En todo caso, corresponderalle ao Presidente da Deputación á resolución de dúbidas interpretativas expostas.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que este convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do dede 201...

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA,

O REITOR MAGNÍFICO DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA,

Valentín González Formoso

Julio E. Abalde Alonso

9.-ACEPTACIÓN DA CESIÓN DE USO DO NOVO LOCAL SITUADO NO CENTRO TECNOLÓXICO DE ARTEIXO PARA A SÚA UTILIZACIÓN COMO OFICINA TRIBUTARIA E RECADATORIA DA ZONA 1 E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aceptar a cesión de uso do novo local polo Concello de Arteixo a esta Deputación dun espazo no centro Arteixo Innovación denominado Centro Tecnolóxico de Arteixo para a súa utilización como oficina tributaria e de recadación da Zona 1, cunha duración de 10 anos prorrogable tacitamente por períodos sucesivos, se ningunha das dúas partes preavisa cunha antelación mínima de seis meses. En concreto trátase de dous locais (números 25 e 26) que unidos teñen unha superficie útil de 100,34 m2, repartidos en 83,31 m2 para atención ao público e 16,18 m2 para zona de despacho; que substitúe ao local cedido en virtude do acordo plenario do 27 de febreiro de 2014 do Concello de Arteixo e acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 25 de abril de 2014.

2º.- Aprobar o texto do convenio “Expediente de cesión gratuíta á Deputación Provincial da Coruña por parte do Concello de Arteixo, dun espazo no centro Arteixo Innovación denominado Centro Tecnolóxico de Arteixo, para a súa utilización como oficina tributaria e de recadación da Zona 1”.

3º.-. Facultar ao presidente para a execución do presente acordo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA A CESIÓN DE USO GRATUITO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE PARTE DO EDIFICIO DENOMINADO CENTRO TECNOLÓXICO ARTEIXO, SITO NA AVENIDA ARSENIO IGLESIAS, PARA RESITUAR A OFICINA PRINCIPAL DA ZONA RECADATORIA Nº 1 DO SERVIZO DE RECADACIÓN

Na Coruña,

REUNIDOS

D. Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 do 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 do 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

E doutra parte o Sr. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde Presidente do Concello de Arteixo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas, actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos e conforme á representación que desempeñan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

1. O Pleno do Concello de Arteixo en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2014 presta aprobación á CESIÓN GRATUITA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, DUN ESPAZO NO CENTRO ARTEIXO INNOVACIÓN, DENOMINADO CENTRO TECNOLÓXICO DE ARTEIXO, por un período de 10 anos prorrogables tacitamente por períodos sucesivos e cunha superficie de 88,87 metros cadrados

sendo aceptada a dita cesión polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 25 de abril de 2014.

O Concello de Arteixo pon a disposición da Deputación Provincial da Coruña outro local dispoñible no mesmo Centro Arteixo Innovación, sito na Avenida Arsenio Iglesias, 46, que reúne as condicións adecuadas para resituarse nas citadas oficinas, debido á súa maior superficie, tanto para o desenvolvemento do traballo do persoal da zona, como desde o punto de vista da atención ao contribuínte, e que viría a substituír ao actual.

E dado os intereses coincidentes da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración entre a DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO CIF P-1500500-B, asíñase para a cesión de uso gratuito pola Deputación Provincial da Coruña dun espazo no centro Arteixo Innovación denominado Centro Tecnolóxico de Arteixo, situado na Avenida Arsenio Iglesias, para a súa utilización como oficina tributaria e de recadación da Zona 1. En concreto trátase de dous locais que unidos teñen unha superficie útil de 100,34 m², repartidos en 83,31 m² para atención ao público e 16,18 m² para zona de despacho (e que se describe no plano que figura como anexo), que substitúe ao local cedido en virtude do acordo plenario do 27 de febreiro de 2014 do Concello de Arteixo e do Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 25 de abril de 2014.

II.- DESTINO

A Deputación destinará o local a oficina principal da zona de recadación número 1 do Servizo Provincial de Recadación

III.- CONDICIÓN DE CESIÓN

Establécense as condicións de cesión do local á Deputación, que son as seguintes:

1. O Concello de Arteixo pon ao dispor da Deputación Provincial da Coruña o citado local dotado de instalacións de enerxía eléctrica, auga e teléfono así como as conexións a internet e outras imprescindibles para o desenvolvemento das funcións tributarias recadoras da Deputación.
2. O mobiliario así como o equipamento informático e administrativo será a cargo da Deputación provincial.
3. O consumo de teléfono imputable á oficina recadora será por conta da Deputación.
4. O consumo de enerxía eléctrica e auga será por conta do Concello.

5. O Concello de Arteixo aboará os gastos do seguro de bens do citado local.
6. A cesión inclúe as autorizacións necesarias por parte do Concello para a localización dun ou máis caixeiros automáticos que lles faciliten aos cidadáns as relacións coas entidades financeiras colaboradoras que se derivan da actividade tributaria e recadadora, na localización que produza o menor trastorno posible no funcionamento das demais oficinas e servizos municipais instalados no edificio.
7. A Deputación Provincial poderá instalar na fachada do inmovible, así como na zona de acceso do interior do edificio, os rótulos correspondentes indicativos do Servizo Provincial de Recadación para facilitar o acceso aos cidadáns.
8. Será por conta do Concello o pago dos tributos relativos ao citado local.
9. A Deputación Provincial da Coruña comprométese a manter o local en perfectas condicións de uso mentres dure a cesión de uso gratuíta.
10. O Concello de Arteixo comprométese a executar a retirada dos biombos de separación existentes para unificar os dous locais cedidos.

IV.- OBRAS E INSTALACIÓNS

O Concello de Arteixo, baixo a supervisión e aprobación dos seus técnicos, autoriza a Deputación Provincial da Coruña a realizar, durante a vixencia do presente convenio, todas as obras que estime necesarias para a adaptación, reforma, conservación e mantemento do local cedido, e das súas instalacións, cuxos gastos aboará a Deputación provincial, despois da correspondente tramitación administrativa de acordo coa normativa reguladora da contratación administrativa e do gasto público, .

V.- DURACIÓN

O Concello de Arteixo cede o uso do local por un prazo mínimo de dez anos contados a partir da sinatura do presente convenio, prorrogable tacitamente por períodos sucesivos, se ningunha das dúas partes previsa cunha antelación mínima de seis meses

VI.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para coordinar as actuacións e as posibles dúbidas que poidan xurdir da execución do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións designados polos respectivos presidentes.

VII.- NATURALEZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación con el, serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o de de 2016.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE CONTRATACION,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO,

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE ARTEIXO

Xesús Soto Vivero

Carlos Calvelo Martínez

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “MELLORA DAS RÚAS INTERIORES DO LUGAR DE QUENXE”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora das rúas interiores do Lugar de Quenxe
ORZAMENTO DO PROXECTO	6.176,03 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	4.940,82 €
ACHEGA DO CONCELLO	1.235,21 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/4541/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORAS DAS RÚAS INTERIORES DO LUGAR DE QUENXE

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Corcubión, Manuel Insua Insua

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión, con CIF P1502800D para o financiamento da obra de "Mellora das rúas interiores no lugar de Quenxe", tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto Antonio Martínez Domínguez

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	4.289,21 €
Gastos xerais (13%)	557,60 €
Beneficio industrial (6%)	257,35 €
IVE (21 %)	1.071,87 €
Orzamento da contrata	6.176,03 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 4.940,82 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4541/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto

887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento co disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após os informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínanos en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de
Cooperación cos Concellos

Xosé Regueira Varela

O alcalde-presidente do
Concello de Corcubión

Manuel Insua Insua”

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE “SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA NO CASCO URBANO DE NOIA”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Noia para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Noia
DENOMINACIÓN DA OBRA	Sinalización e seguridade viaria no casco urbano de Noia
ORZAMENTO DO PROXECTO	50.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	40.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	10.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/1532/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIARIA NO CASCO URBANO DE NOIA

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello de Noia, José Santiago Freire Abeijón

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Noia ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia, con CIF P1505800A, para o financiamento da obra de “Sinalización e seguridade viaria no casco urbano de Noia”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos José Barreiro Carreño e Martín Insua Calvo.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	34.724,63 €
Gastos xerais (13 %)	4.514,20 €
Beneficio industrial (6 %)	2.083,48 €
IVE (21 %)	8.677,69 €
Orzamento da contrata	50.000,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000,00 €, o que representa unha

porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1532/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorreren máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2017**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2019**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da

subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O deputado responsable da Área de O alcalde-presidente do
Cooperación cos Concellos Concello de Noia

Xosé Regueira Varela

José Santiago Freire Abeijón”

12.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA RÚA TRAVESA”, DO CONCELLO DE FENE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2016 CO CÓDIGO 16.2100.0076.0.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, no que se incluíu entre outras, a seguinte obra do Concello de Fene

			FINANCIAMENTO INICIAL		
Concello	Código da obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
<i>Fene</i>	16.2100.0076.0	<i>Acondicionamento e mellora da Rúa Travesa</i>	36.840,02	0,00	36.840,02

Logo de aprobarse definitivamente esta obra mediante a Resolución da Presidencia desta deputación número 2016/11882, do 25 de maio de 2016, tras resultar acreditada a obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que condicionaba a dita aprobación definitiva

Logo da modificación realizada, a petición do Concello de Fene, da solicitude da súa participación no POS 2016 en virtude de novo acordo plenario desta deputación do 27 de maio de 2016 en relación coa Resolución da Presidencia número 20227/2016, do 29 de agosto de 2016, do que resulta o seguinte novo financiamento desta obra:

			NOVO FINANCIAMENTO		
Concello	Código da obra	Denominación	Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
<i>Fene</i>	16.2100.0076.0	<i>Acondicionamento e mellora da Rúa Travesa</i>	31.314,02	5.526,00	36.840,02

Logo de aprobar o Concello de Fene un proxecto modificado desta obra, con incremento de orzamento, previos os correspondentes informes favorables técnicos e xurídicos

Tendo en conta que esta obra aínda está sen adjudicar

Logo de ver as bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar o proxecto modificado da obra "Acondicionamento e mellora da Rúa Travesa", do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 16.2100.0076.0, que aínda está sen adjudicar, e que representa un incremento no seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Fene, tal e como se indica no seguinte cadro, contando cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables:

Novo financiamento da obra do Concello de Fene "Acondicionamento e mellora da Rúa Travesa" POS 2016, código 16.2100.0076.0 (Acordo plenario do 27 de maio de 2016)			
Axentes cofinanciadores	Proxecto inicial Contrata	Proxecto modificado Contrata	Diferenza Contrata
Deputación	31.314,02	31.314,02	0,00
Concello	5.526,00	18.602,12	13.076,12
TOTAL	36.840,02	49.916,14	13.076,12

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

13.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE XULLO DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de xullo de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

14.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA AO 31/07/2016 E PROXECCIÓN AO 31/12/2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria ao 31 de xullo de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos dispostos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos dispostos na normativa vixente.”

15.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2015/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

O Pleno toma coñecemento do seguinte:

- “1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información dispostas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.
- 2º. Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de Internet da Deputación Provincial.”

16.-DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2017.

Dáse conta ao Pleno da Resolución da Presidencia núm. 19368 con data do 19/08/2016 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2017.

17.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- “1º. Aprobar a Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao exercicio 2015, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presenten reparos ou observacións á devandita conta.
- 2º. Renderlle ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas e remitirlle á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais a conta, unha vez que se aprobe definitivamente.”

18.-TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.

A Corporación toma coñecemento da aprobación definitiva da conta xeral do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2015.

19.-AUTORIZACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 01/2016 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Autorizar o expediente de modificación de crédito 01/2016 do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, aprobado polo presidente do Consorcio mediante Decreto núm. 013/2016 do 4 de marzo de 2016.

2º.- O expediente de modificación de créditos obxecto de autorización e financiado con remanentes de tesourería procedentes da liquidación do orzamento do consorcio para o ano 2015 e será cofinanciado pola Xunta de Galicia en idéntica achega que a que lle corresponde á Deputación Provincial da Coruña.

3º.- A autorización do expediente realízase a Deputación en función da atribución conferida a esta como administración pública de adscrición do Consorcio para os efectos de consolidación e de estabilidade.”

20.-APROBACIÓN DA CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADADORA RELATIVA AOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS E RECURSOS PROPIOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a Conta Integrada relativa á xestión recadadora dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondente ao exercicio 2015.”

21.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS, ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E DEREITOS DE EXAME, apartado 5 do artigo 6, coa seguinte redacción:

Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.

5.- Contratos administrativos - Formalización: en toda clase de contratos administrativos, calquera que sexa o procedemento de adxudicación, e atendendo as diversas fases do expediente administrativo, aplicaranse as seguintes tarifas, por contía do contrato que vén determinada polo orzamento de adxudicación :

5.1.- Contratos administrativos ata 18.000 €, 30,00 €.

5.2.- Contratos administrativos con orzamento de adxudicación superior a 18.000 €:

Ademais da cota de 30,00 €, por contía do contrato aplicarase a modalidade de alícuota por tramos :

5.2.1.- Se o valor non excede de 30.000,00 € o 0,18%.

5.2.2.- Polo exceso, entre 30.000,01 € ata 300.000,00 €, 0,08%.

5.2.3.- Polo que excede de 300.000,00 €, 0,03%.

O acordo que ao respecto se adopte, expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios desta Deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ao público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local e o artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Unha vez aprobada definitivamente, a publicación íntegra da modificación da ordenanza fiscal núm. 3 reguladora da taxa por expedición de documentos, actividades administrativas e dereitos de exame, apartado 5 do artigo 6.

Entrada en vigor:

a) Se non se producisen reclamacións contra esta, de conformidade co sinalado no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2017.

b) Se se producisen reclamacións, unha vez que se resolvan estas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da ordenanza así como a data a partir da cal rexerá esta, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no art. 17.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

22.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN, CAMBIO DE DENOMINACIÓN E REDACCIÓN ÍNTEGRA DA ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR AUTORIZACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, INSTALACIÓNS OU A REALIZACIÓN DE CALQUERA OUTRA ACTIVIDADE NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO OU NAS ZONAS DE PROTECCIÓN DAS ESTRADAS DA REDE DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

INTERVENCÍONS

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Neste punto quixemos reflectir a opinión que nos fixeron sentir na anterior Comisión, que non é outra que a de atender unha serie de propostas dos distintos Grupos, como así se reflectiu nesa Comisión, entón

entendendo que esta é unha ordenanza que tampouco ten unha urxencia extrema, posto que sería para entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2017 e, repito, co fin de enriquecer e achegar aos distintos Grupos que xa reflectiron o seu sentir nesa Comisión, dar un tempo para que se acheguen as emendas que se consideren oportunas ao Servizo de Vías e Obras e posteriormente consensualas e traelas de novo, tanto a Comisión como a Pleno para a súa posterior votación e aprobación dela. Polo tanto o que pedimos é a retirada deste punto para precisamente enriquecer esta ordenanza.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda retirar este punto da orde do día.

23.-ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS RECURSOS DE DEREITO PÚBLICO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a adhesión ao convenio entre a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias para a Recadación en vía Executiva dos Recursos de Dereito Público das Corporacións Locais, publicado no BOE núm. 119 do xoves 19 de maio de 2011.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA A IMPLICACIÓN E PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NAS MEDIDAS DE APOIO PARA AS ZONAS AFECTADAS POLOS INCENDIOS FORESTAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os meses de xullo e agosto deste ano 2016 varios concellos da provincia da Coruña sufriron os efectos da acción devastadora do lume en amplas zonas forestais.

Distintas parroquias de concellos como os de Porto do Son, Ribeira Santiago de Compostela, Ames, Narón, A Laracha, Cee, Vimianzo, Fisterra, Rois, Cerceda e Rianxo padeceron de forma directa o negativo impacto que os incendios ocasionan no medio natural, pero tamén nas súas economías e con frecuencia nas infraestruturas e servizos públicos.

Malia que a ordenación forestal e a loita contra o lume nese ámbito é unha tarefa na que ten atribuídas competencias a Administración autonómica, o certo é que a magnitude dos labores de extinción dos incendios e a necesidade dunha resposta completa e o máis inmediata posible para superar os seus efectos, precisan dunha

actuación conxunta e coordinada de todas as institucións e medios públicos dispoñibles.

Desde o Grupo Provincial do Partido Popular consideramos unha prioridade a participación da Deputación, e tamén a dos propios concellos, á hora de establecer liñas de axuda e de coordinación coa Xunta de Galicia, a fin de fixar, tanto as medidas para a recuperación da superficie forestal queimada, como para paliar os danos ás propiedades e ás actividades económicas directamente relacionadas cos diferentes sinistros ambientais que, en maior ou menor medida, supuxeron un deterioro das condicións naturais e mesmo económicas dunha importante extensión do territorio provincial.

Por parte da Xunta de Galicia xa se ten iniciado o desenvolvendo distintas iniciativas para prever as perdas de solo nas zonas afectadas por arrastre e erosión, así como para coordinar e definir outras medidas, contando cos alcaldes, representantes das comunidades de montes e outros colectivos forestais das zonas máis afectadas para avaliar os danos e deseñar medidas paliativas.

Nese contexto, consideramos que a Deputación podería contribuír de forma efectiva neses labores de avaliación e restitución dos danos producidos nos concellos da provincia, sumando os seus propios medios nesa tarefa que xa está a desenvolver o Goberno galego con destino ás persoas e lugares afectados polos lumes no conxunto de Galicia.

En consonancia con todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular proponlle á consideración do Pleno da Deputación o seguinte ACORDO:

1. A Deputación da Coruña procederá de inmediato á avaliación e conseguinte reparación dos danos ocasionados polos incendios forestais na rede provincial de estradas e demais infraestruturas da súa competencia.
2. O organismo provincial dirixirase á Xunta de Galicia a fin de coordinar a súa participación, de forma complementaria coa realizada pola Administración autonómica, nas medidas adoptadas para a recuperación da superficie forestal queimada, así como para contribuír a paliar os danos ás propiedades e ás actividades económicas no ámbito provincial.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días a todos e todas, esta moción trae a colación un episodio criminal, teño que subliñar que estamos ante episodios criminais acontecidos a principios de agosto e que curiosamente estanse a repetir xusto nestes momentos tamén noutra provincia de Galicia, como é a provincia de Ourense.

No momento de peor meteoroloxía, no momento máis complicado é cando o monte pode arder máis, curiosamente, é cando temos este tipo de episodios que son habituais ao longo dos derradeiros anos. En primeiro lugar, loxicamente, desde o noso Grupo o primeiro que temos que facer respecto desta cuestión, antes de entrar no fondo da moción é felicitar e agradecer o traballo e o compromiso do persoal da

Consellería do Medio Rural, do resto das Consellerías, dos concellos, por suposto, da unidade militar de emerxencia, de Protección Civil, das forzas e corpos de seguridade do Estado e, por suposto, tamén a colaboración e implicación dos veciños.

Foi un momento complicado ese mes de agosto, especialmente na nosa provincia nalgúns concellos e, por suposto, en primeiro lugar houbo que loitar contra o lume, resolver a emerxencia neses momentos difíciles para moitos veciños da nosa provincia.

Hai amplas zonas da nosa provincia afectadas polos lumes, e subliñar, sen ser exhaustivo o incendio da parroquia de San Xoán de Fecha en Santiago, con ao redor de oitocentas hectáreas, e tamén o incendio de Porto do Son con máis de mil hectáreas afectadas. Unha vez resolta a emerxencia as administracións, na nosa opinión, deben colaborar e deben axudar a regresar á normalidade a eses concellos e a eses veciños e veciñas, avaliar os danos en bens e infraestruturas, e axudar a recuperar a súa situación anterior, e a nosa moción vai precisamente nesa liña.

Temos, polo tanto tamén que valorar positivamente o esforzo realizado polo Goberno autónomo, en primeiro lugar a través da aprobación dun Decreto, que foi publicado precisamente o pasado día 7 de setembro, de axudas para a reparación dos danos causados polos lumes, que foi aprobado no Consello da Xunta do 1 de setembro, e como acabo de subliñar, publicado no DOGA do 7 de setembro de 2016. Así mesmo, mediante a tramitación, de acordo coas nosas informacións, dunha Orde da propia Consellería do Medio Rural, que será publicada en breve e que estará dotada de dez millóns de euros. O Decreto precisamente establece a creación dunha Comisión técnica na que agardamos que se integre a Deputación da Coruña posto que prevé a integración nesa Comisión da Administración do Estado e tamén das administracións provinciais, e nese Decreto aparecen recollidos cincuenta e sete concellos desta provincia onde houbo algún tipo de incendio que require algún tipo de actuación de compensación por parte das administracións.

A moción vai na liña de traballar, por suposto, co resto das administracións e nomeadamente coa Xunta de Galicia para que a Deputación poida participar nesa, digamos, colaboración de reparación dos danos, e tamén cara a evitar no futuro a repetición de acontecementos coma os que estamos a reflectir. Este Grupo descoñece que é o que fixo a Deputación ata o de agora, non temos novas agás unha que a verdade temos que lamentar, unha nova recollida nos medios da zona do Barbanza, unha nova da visita de tres deputados provinciais do Goberno desta Deputación, que estiveron nun Concello afectado por un dos lumes máis importantes, en concreto no Concello de Porto do Son, tres deputados, dous deles alcaldes, que estiveron nesa xuntanza trasladando algo que consideramos que é positivo en si mesmo, que é que a Deputación estudaría crear unha liña de axudas para as mancomunidades de montes. O único que temos que recoller nesta intervención é o noso malestar posto que esta visita, que tivo lugar, creo que foi o día 23-08, foi realizada a un Concello sen avisar previamente ao Alcalde dese Concello. A verdade é que consideramos que é unha falla de respecto institucional facer este tipo de actuacións que queríamos que constara en acta o noso rexeitamento.

En todo caso o importante é o contido e o alcance da nosa moción, que en definitiva o que formula é en primeiro lugar que a Deputación da Coruña proceda de inmediato a avaliación e conseguinte reparación dos danos ocasionados polos

incendios forestais na rede provincial de estradas e demais infraestruturas da súa competencia, e que o organismo provincial se dirixa á Xunta de Galicia co fin de coordinar a súa participación de forma complementaria coa realizada coa Administración autonómica, nas medidas adoptadas para a recuperación da superficie forestal queimada, así como para contribuír a paliar os danos, as propiedades e as actividades económicas no ámbito provincial. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente. Bos días a todas e a todos. Non é a primeira vez neste mandato no que o Partido Popular trae a Pleno unha moción que busca resumidamente que a Deputación asuma cos seus fondos algunha das competencias que son propias da Xunta de Galicia. De novo atopámonos con esa teima que ten o Goberno de Feijoo en presentarse como bo xestor fixándose só nos resultados contables, como se as administracións públicas fosen unha desas empresas sen alma na que só importan os números e non a realidade, só as cifras e non as condicións dos traballadores ou a calidade do produto.

O problema é que esta teima pagámola todos os cidadáns e tamén a administración local, porque é onde vostedes trasladan os custos que a Xunta se quere aforrar. Pasa cos servizos sociais, coa educación, coa protección civil e tamén cos servizos de loita contra o lume. No ano escaso que transcorreu deste mandato da Deputación xa intentaron vostedes que a Deputación asuma o custo de campañas de promoción do leite, do GRUMIR, e agora da rexeneración das zonas afectadas polos incendios do verán, que competencialmente corresponden a outras administracións.

Tampouco se nos escapa que con esta iniciativa pretenden desviar a responsabilidade, non só económica, senón política, sobre as deputacións, facéndoas figurar como copartícipes dun problema que debe de asumir a Xunta de Galicia. Pero na cuestión dos incendios forestais, como tantas outras, o seu partido dedícase ao escapismo e á utilización política dos problemas da cidadanía. Non hai máis que ver o tratamento que fan vostedes dos incendios. Cando non gobernaban a culpa era do bipartito e o vento ou as temperaturas non tiñan nada que ver, agora a culpa é dos incendiarios e da meteoroloxía, non falemos xa da manipulación das cifras de superficie queimada, ou da exclusión dos balances dos conatos feitos reiteradamente, denunciados polos profesionais da extinción, ou a entrega do operativo a empresas privadas, con algunhas consecuencias que xa empezamos a apreciar, e outras que aínda están por vir.

Pero o seu historial nesta cuestión é moito máis grave. En 2006 vostedes botaban a culpa dos incendios ao atraso na constitución das brigadas, pola mala xestión do Goberno, ou mesmo porque se valoraba como requisito coñecer o galego. Nese mesmo ano, María Faraldo, a responsable provincial do seu Partido daquela, enviaba cartas aos alcaldes dos concellos onde vostedes gobernaban, esixindo que se retrasase a constitución das brigadas de extinción para crear con iso un problema político. E por se iso non fóra suficientemente grave, chegaron vostedes, en concreto o Sr. Feijoo, á actitude irresponsable de utilizar electoral e partidariamente os falecidos nos incendios de 2006.

Eu lamento, sinceramente, que vostedes presenten unha moción que ten máis de manipulación electoralista que de proposta construtiva. Nesta cuestión, como en

tantas outras, por certo, o que precisamos non son brinde cara á galería senón a asunción de responsabilidades, coordinación, maior dotación de medios, políticas preventivas, ordenación do territorio e dos recursos e menos política da mala, da de baixo nivel, desá que vostedes xa nos deron numerosos exemplos.

Aquí estamos tres deputados que somos concelleiros en Compostela, somos aínda que moitas veces non se lembre, o segundo concello da provincia con maior extensión e temos un importante territorio rural e, polo tanto, sabemos moi ben o que significa a tempada de lumes. Como saben, o pasado mes de agosto sufrimos un perigoso incendio que puxo en risco vivendas da veciñanza en varias parroquias. O mesmo sucedeu xusto un ano antes, agosto de 2015, e outro tanto en agosto e en setembro de 2013, e en ningún dos casos vin que os veciños reclamasen outras cousas que solucións tras a catástrofe e, por suposto, as medidas necesarias para evitar que sucedan. O que demandan son solucións, non máis ruído mediático, iso que tanto lle gusta a vostedes, que sinceramente non beneficia a ninguén.

E iso foi o que fixo o Goberno municipal de Compostela, abordar inmediatamente coa Xunta a recuperación da zona afectada, como dixo o noso Alcalde, traballando de xeito coordinado entre as distintas administracións, cada unha no marco das súas competencias, para darlle unha resposta á veciñanza afectada polos lumes, e esas competencias sábeno perfectamente son da Xunta de Galicia.

A min gustaríame pedirlle, Sr. Hernández, que se realmente ten interese en lograr a cooperación da Deputación, tome exemplo do Goberno municipal de Compostela e deixe esta moción enriba da mesa, permita que se inicie un diálogo entre a Xunta e a Deputación, que se exploren posibilidades, dispoñibilidades orzamentarias, e tamén encaixe de competencias e así poidan frutificar resultados, en caso contrario, se non demostra vostede vontade real de acordo, non poderemos apoiar a súa moción.

Sr. García Seoane

Moi breve, eu levo anos denunciando nos foros en que participo as políticas que hai plurais neste país que se chama Galicia, políticas que están levando a que Galicia quede totalmente deserta, a que nos invadan todo tipo de pestes e que os incendios asolen totalmente os montes galegos con políticas erróneas que se levan desde a Administración, plantando eucalipto onde había carballos, castiñeiros, chopos, salgueiros, álamos, etc., dependendo que zona de Galicia, nas ribeiras ou no monte do interior. Temos a sorte que hai unha provincia que segue mantendo gran parte desá paisaxe, que é a provincia de Lugo, pero non é pola man divina de ninguén, senón que é polos lucenses que aínda residen nesas zonas de Galicia.

Eu estou canso de ouvir nestes días, a televisión abrásanos, todos vimos na televisión como na zona de Andalucía, en Málaga, urbanizacións metidas no interior dos montes, no cume dos montes, o fogo sobe para arriba e abrasa as vivendas, como non, pero esas son políticas miserables, que levan adiante concellos e que consenten as autonomías, non hai que botarlle só as culpa aos concellos.

En Galicia, xa digo, non hai unha política seria nese aspecto, eu creo que o que está pedindo neste momento o Partido Popular nesta moción, está claro que se a Deputación ten unhas estradas que se queimaron polo fogo, que as terá que

restaurar, non as vai vir restaurar San Pablo bendito, é a Deputación, pero unha cousa é iso e outra é que teñamos que pagarlle agora a cada un que lle ardeu a palleira, o non sei que, non sei canto, que se teña que facer cargo a Deputación e non, neste caso, a Xunta de Galicia, ou ambos os dous, habería que estudar en que casos estaría xustifico aboarlle a familias que se viron afectadas pola desidia, polas políticas erróneas dos gobernos, chámense provinciais, chámense autonómicos, ou estatais, estatais tamén.

Polo tanto, eu creo que os Grupos que se sufragan, que hai en Galicia montóns deles, que suman centos de persoas neses Grupos, que están na casa e acoden, ou no que eu tiña coñecemento anteriormente, só acoden cando hai fogo, por exemplo hai un Grupo en Oleiros que financia a Xunta pero que non podemos cortar maleza, porque sempre os están chamando cando alguén acende un cigarro xa levan a toda a xente que hai para eses lugares. Hai políticas tremendamente erróneas, xa digo que se teñen que mudar, esta xente que vén, vén para traballar, eu creo que hai que contratar maquinaria, hai que contratar traballadores pero todo o ano para limpar, para prever, para que non ocorran estas cousas, porque cos cartos que se gastan dá para iso e para moito máis.

E despois por outro lado, se non cambiaron as cousas, cando eu fun deputado aquí no ano 79 a Deputación era dona de gran parte da Serra do Barbanza e outras zonas de Muxía e por aí, non sei se segue sendo así ou se se transferiu a alguén, eran montes que eran comunais, que vendía madeira por certo a Deputación naquel entón, pois se eses montes seguen sendo da Deputación, haberá zonas que se queimaron, por certo, moitas delas, haberá que facer políticas preventivas tamén, e non deixalos que se queimen da forma que está a ocorrer por toda esta zona de Galicia. Por tanto, fan falla políticas serias e deixarse de políticas electorais, porque en Galicia ata hoxe ninguén fixo política do rural, é dicir, que vou votar en contra. Nada máis.

Sr. Díaz Grandío

Bo día, adiantamos tamén o noso voto en contra. Recibimos esta moción do Partido Popular e chámanos a atención como, pese a levar pouco máis dun ano e medio nas institucións, xa estamos máis que afeitos a este tipo de xogos. O certo é que xa cadran varias eleccións neste último ano e medio e imos vendo como o Partido Popular nunca perde a ocasión de facer un acto de campaña, e facelo pedindo nesta ocasión, ben á Deputación, ou ben aos concellos, que se fagan cargo de cuestións que son competencia directa da Xunta de Galicia. Hoxe o que toca é o primeiro acto de campaña, acto do que este Grupo provincial non vai participar. Creemos que si se debe mellorar a coordinación entre administracións e en prevención de lumes para paliar os danos, pero isto debe facerse noutras alturas do ano, no momento en que se debe e non cando a oportunidade electoral dita. Non conten con nós para facer este xogo, se non se fían da política forestal da Xunta de Galicia, vostedes mellor que ninguén saben o que teñen que facer. Moitas grazas.

Sra. Franco Pouso

Bos días a todos e a todas. Está xenial o que se escoita neste salón de Plenos, pero eu é que son moi de aldea e recordo frases que aprendín de tanto repetirmas, sorpréndenme vostedes, señores do PP porque a xente coñécese polas

súas obras. As súas obras falan francamente mal, moi mal de vostedes con respecto ao rural, vostedes son os primeiros culpables do abandono do rural, vostedes son os primeiros culpables de que a poboación do noso país, como se deixou perder a riqueza e se sacou valor ao rural, e se non miren os mapas de despoboamento que temos, na provincia e en todo o país galego, dáme igual, collan vostedes por onde queiran, e pregúntense que grazas ás súas políticas é precisamente polo que o lume chega a onde chega. Hai moitas formas de prender o lume, máis ca do chisqueiro.

Primeiro quería tamén dicirlles que lle agradecemos que teña en conta e que leran as novas pola visita que fixemos tres deputados, nós si, e non convidamos porque esa xuntanza estaba prevista moito antes, porque nós si traballamos polo monte, polo rural, non improvisamos segundo vai prendendo o lume, pero si tamén lle quero dicir que vostedes, por hábito, non convidan ao resto dos políticos e se non proba descarada ademais no noso concello, que o día 29 pola mañá os grupos da oposición conxuntamente presentamos unha moción precisamente polos lumes que había no noso concello, e ás sete da tarde o Sr. alcalde estaba facendo política coas comunidades de montes. Eu fun oito anos presidenta dunha comunidade de montes e as veces que falei co Sr. alcalde de Porto do Son, falei porque a nosa comunidade solicitoulle a súa visita, estou agardando unha visita solicitada por el, ou unha visita del para resolver cousas, pero se queren pregúntenlles vostedes ao seu compañeiro porque non resolve situacións que ten con comunidades de montes como as de Caamaño, ou como as de Sampedro, cunha casa de cultura ilegal, etc., etc., esa é a política que hai que facer, a de todos os días. Por certo, solicitamos ao Pleno, e o PP con maioría absoluta no noso Concello rexeitou a urxencia dese Pleno extraordinario, e hoxe teñen a indecencia de traer esta proposta aquí, pero é máis, non lles interesou falar, se queren léolle os puntos da orde do día, porque se cadra adáptanse máis á realidade e ás competencias do Concello, nese caso, e que si poderían ser trasladadas algunhas propostas á Deputación, pero non, a primeira escusa que puxeron para rexeitar a urxencia foi que non ían consentir, despois de lernos o panfleto publicitario, que non ían consentir que o salón de Plenos se convertera nun balcón político. Pois eu, como ben acaban de dicir outros compañeiros aquí, creo que vostedes con esta moción si pretenden saír ao balcón da política.

Pero ben, tamén se lles coñece precisamente polos pecados de palabra, obra, omisión, palabra precisamente porque non queren facer política co lume, e esta moción é unha clara proba, de obra polo desmantelamento que teñen vostedes e promovido no rural e nos montes e por tal e como se están utilizando os distritos forestais. Quere que lle recorde, que dos poucos números que teñen traballando nos distritos forestais, téñenos vostedes baixo un montón de papeis, que parecen auténticos oficinistas, en vez de estar traballando sobre o campo?, e de omisión porque vostedes por non cumprir non cumpren nin sequera cos convenios que son obrigatorio que a Xunta, igual que as comunidades, temos que cumprir, teñen que cumprir a súa parte. Sabe como fan vostedes?, crean unha lei do solo, ás costas e con moitas queixas precisamente da xente que vivimos no rural, pero iso non lles importa.

Falan vostedes de lumes?, digan vostedes como queren cooperar coa Deputación cando son incapaces de cooperar Patrimonio da Xunta de Galicia con Medio Rural da Xunta de Galicia. Díganlles vostedes aos veciños e aos comuneiros porque arden as zonas onde está o patrimonio, véxanse petróglifos, porque se leron a prensa ben saben que na miña parroquia, que ardeu toda a parroquia de cabo a rabo,

hai oitenta petróglifos, dígalle vostede a calquera comuneiro ou a calquera comunidade de montes como afronta ter que pagar un proxecto cada vez que quere intervir na zona na que están os petróglifos, con que cartos, señores do PP, con que cartos facemos cada vez que queiramos limpar, rozar, cortar, podar, repoboar, díganos con que cartos o imos facer. Pero non é só esa agresión, dígalle vostedes que ben fan política para que abandonemos os nosos montes, que coa nova Lei de montes pretenden que acabe na man de capital privado, dígalle como a nós se nos pode levar a un comuneiro ou a un directivo dunha comunidade de montes ante a lei, a título individual, cando todas esas empresas ás que vostedes lles queren dar os nosos montes, escapan por aspectos de dereito, porque claro, feita a lei, feita a trampa. Dígalle vostedes a calquera comuneiro, ou a calquera propietario con que cartos vai tentar repoboar as súas propiedades, cando non hai unha mesa de madeira, e agora cando se corta madeira vai saír a prezo de ganga. Díganos como quere que sobrevivamos, e díganme tamén como algúns deses concellos, cando collen cartos desta Deputación para plans, fan accesos e fan praciñas de millón e pico de euros para lucir, e teñen lugar onde non pode entrar unha motobomba porque non teñen saídas. Esa é a súa política, iso é o que vostedes fan todos os días no rural.

Entón, mire, retomen a Lei de montes, doten de motobombas como teñen que ter, aos distritos, por certo, tamén lle recordo que o distrito forestal de Noia leva cinco anos sen un tractor desbrozador, digo porque se se lle esqueceu tamén, doten de recursos aos distritos, deixen de intentar que as comunidades e os comuneiros abandonemos o monte porque é o único que queda, e non veñan facer, vostedes si que veñen facer política cos lumes, fagan vostedes o seu traballo, e fagan e díganlle á Xunta de Galicia que cumpra as súas obrigas, e unha das propostas que deberían ter hoxe aquí, porque quero pensar que xa faláron vostedes na Xunta, sería condonar todas esas débedas que sei que temos as comunidades de montes, daquela maneira dubidosa, se realmente nos queren axudar a volver a repoboar o monte. Moitas grazas.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días, compañeiras e compañeiros deputados, dicir que en primeiro lugar o Grupo Socialista pediríalle ao Grupo Popular que retirara a moción que presenta hoxe na orde do día, por entender que o único que persigue é un afán de notoriedade electoralista e porque non resolve o problema fundamental. O Grupo Socialista, como non pode ser doutro xeito, está seriamente preocupado, non só polos incendios que houbo durante este verano en Galicia, senón tamén máis preocupado aínda pola falla de coordinación e falla de política de prevención dos incendios forestais, eu creo que non se pode banalizar nin actuar con frivolidade, nin utilizar estas cuestións tan serias e que xeran tantos problemas en Galicia. Eu creo que dunha vez por todas temos que facer un pacto polo territorio, e fundamentalmente intentar por todos os medios que, coa coordinación da Xunta de Galicia, todas as institucións, todos os cidadáns, sexamos capaces de deter esta praga que nos invade, iso sería fundamental, porque mire, non se pode estar cambiando constantemente de criterio. No ano 2012 vostede era conselleiro de Medio Ambiente, houbo uns incendios no Barco de Valdeorras, e ese ano queimáronse 15.598 hectáreas en Galicia, e o día 14.08.2012 vostede dixo o seguinte: “No caso de propiedades privadas espero que os seguros funcionen”, e hoxe tráennos aquí unha proposta pretendendo que a Deputación con cartos públicos financiemos o que son propiedades privadas, a Deputación está para outra cousa, pero é que ademais hai unha cuestión, é dicir, é unha competencia exclusivamente da

Xunta e a Xunta o que ten que facer é, se quere a nosa colaboración, é chamarnos, porque voulle dicir, neste mes de agosto a Deputación provincial dirixese dúas veces á Xunta de Galicia para tratar o tema dos incendios forestais, e para tratar os GES, porque non pode ser que os GES se dediquen, con tanta cantidade de incendios, se dediquen a desbrozar cincuenta hectáreas que lle obriga a Xunta de Galicia, cando iso é imposible e cando se queremos apagar os incendios, non podemos desbrozar, e sabe o que ocorre?, que se non se desbravan esas cincuenta hectáreas porque hai moitos incendios, resulta que non se lles paga aos grupos e aos concellos como ocorreu xa o ano pasado e o ano anterior. E ademais que non se permite o desbrave por medios mecánicos, teñen que ser manuais.

Para todas esas cousas, para coordinar todo iso, que é imprescindible coordinar, e coordinar cos alcaldes, porque eu sentía ao meu compañeiro, o alcalde de Entrimo estes días lamentarse profundamente de que ninguén da Xunta de Galicia se puxera en contacto con el, denunciaba descoordinación dos medios, é dicir, e iso ocorrenos case todos os días, onde non se chama ao alcalde para coordinar. E desde logo eu invitaríao a que deixemos de facer demagogia neste tema, sexamos serios, poñámonos a traballar seriamente na prevención dos incendios, e adoptemos as medidas a través da lexislación que corresponda para que estas situacións non se volvan producir ou, polo tanto, sexamos capaces de detelas.

Xa lle digo, nós non estamos por facerlle o caldo gordo a esta proposta, nós estamos por axudar ás comunidades do monte, como fixeron os tres deputados con bo criterio, foron realmente a onde había eses incendios nese momento, posiblemente non se avisou ao alcalde porque tiñan loxicamente xa concertadas as entrevistas con eles para ir, pero mire, esa é a política que fan vostedes todos os días, cantidade de conselleiros, directores xerais, etc., etc., que visitan os concellos sen avisarnos, sen avisarnos, esa é a política diaria.

E logo ademais quero dicir que a Deputación no que é a súa competencia cumpriu escrupulosamente, fixo o estudo das estradas afectadas por esa situación, tomou as medidas correspondentes para solucionar os problemas, e a costa dos informes dos técnicos municipais sobre a afección que tiñan as estradas e desde logo que non imos estar polo financiamento das propiedades privadas, si estamos en botar unha man ás comunidades do monte que, efectivamente, no meu concello ocorre igual que no Concello de Porto do Son, e doutros concellos, onde ás comunidades de monte estánselle a reclamar unhas cantidades de diñeiro pola explotación do monte que nos parecen disparatadas, e que nos parece que iso non debería de cobrarse por parte da Comunidade Autónoma e que debería de servir, precisamente para protexer os montes, para facer labores preventivos e para reforestar os montes e para facer os estudos de aproveitamentos racionais do monte, iso é para o que debería de servir ese diñeiro e non para devolver á Comunidade Autónoma

Polo tanto, entendendo que a moción que vostede presenta non se trata de axudar a ninguén, trátase simplemente de que como hai eleccións, no ano 2012 non había eleccións, pero neste ano hai eleccións, o criterio varíase en funcións dos intereses. Polo tanto, cremos que debe retirala, sinceramente, debe facer un chamamento á Xunta de Galicia para que realmente chame á Deputación da Coruña que en dúas veces no mes de agosto se dirixe á Xunta de Galicia precisamente por este tema e nin sequera se contesta, iso é o que hai que facer, realmente o traballo que ten que facer o Grupo Popular é tratar de coordinar e de que se atendan as

chamadas que se fan desde a Deputación, sobre todo para este tema, e non presentando mocións demagóxicas que a nada conducen nin van evitar os incendios, nin van solucionar os particulares.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, obviamente xa adianto que este Grupo non vai retirar a moción. En todo caso si que reiteramos o noso malestar porque tres deputados desta Corporación estiveran nunha xuntanza nun Concello sen avisar ao alcalde, dous deputados alcaldes, por certo, non sei se o resto dos alcaldes que están aquí presentes consideran que iso é normal, o Grupo Provincial Popular non o considera. En todo caso creo que, tanto en política como na vida, para falar hai que documentarse, e sinceramente de moitas das intervencións sorpréndeme que non leran a moción, eu lin a moción, os dous puntos, repetirei os mesmos para saber o que imos votar, exactamente o que van votar en contra, porque o que di a moción está claro. E en todo caso tamén creo que, e iso é máis normal, posto que foi un decreto publicado o día 7, que non se informaron ao respecto do decreto aprobado polo Goberno da Xunta, que claramente, loxicamente, determina que as axudas estarán en función da cobertura do seguro correspondente dos bens afectados polos lumes, obviamente, polo tanto nada que dicir ao respecto desas declaracións ás que fixo vostede mención, Sr. Sacristán.

Estamos de acordo en non facer política, pero tamén hai un decreto, hai unha orde, e creo que hai unha obriga por parte da Deputación de estar á altura e de resolver os problemas da provincia, nós non estamos aquí para defender os intereses de ninguén que non sexan os concellos e os cidadáns da provincia da Coruña, non somos os representantes da Xunta de Galicia nesta Corporación obviamente, pero en todo caso temos a obriga tamén de subliñar e de resaltar o traballo doutras administracións que tamén son administracións ás que acode o noso alcalde, Sr. Dios, o meu alcalde, o seu alcalde, para min digamos porque é o alcalde, para vostede porque tamén é o seu xefe político, a falar coa Consellería e a coordinar, obviamente, claro que estamos a falar de coordinar, estamos de acordo en que é imprescindible coordinar, coordinar na loita e na rexeneración, e o que di na nosa moción e o que formula o decreto tamén é poder coordinar os traballos e as actuacións das administracións na rexeneración no día despois do episodio dos lumes. Aproveito tamén para dicir que a coordinación é importante que exista tamén no momento da loita contra o lume, nesta provincia creo que houbo casos, lembro que creo que no Porto do Son, ante a chamada de emerxencia do momento do lume, houbo grupo de emerxencia que non acudiron a esa chamada, polo tanto, niso tamén temos que facer algunha reflexión respecto da necesidade de establecer prioridades nesa loita contra o lume, e logo despois a rexeneración.

No decreto establécese claramente unha comisión, unha comisión que sería digamos o lugar para poder tratar de todas estas cuestións que vostedes trouxeron aquí ao debate e, polo tanto, animo a todos a ler con atención ese decreto, e volvo a repetir os dous puntos porque considero que é importante da moción, dígoo para que quede claro na acta correspondente o que van votar vostedes en contra. Van votar en contra de que a Deputación da Coruña proceda á avaliación e a conseguinte reparación dos danos ocasionados polos incendios no seu patrimonio, e van votar en contra de que o organismo provincial se dirixa á Xunta de Galicia co fin de coordinar a súa participación, polo tanto van vostedes votar en contra do diálogo e da

coordinación, e creo que iso reflicte claramente que grupos están facendo política e que grupo está traballando seriamente para resolver un problema que existe na provincia. Moitas grazas.

Sra. Franco Pouso

Realmente é que estamos baixando o listón do espectáculo, tiñamos que ter ido vestidos de Chanel cunha mangueriña e unha sulfatadora destas portátiles e sacarnos un par de fotos, porque claro, o señor alcalde que estaba a trescentos metros de min creo que non me viu o día dos incendios, ou iso lle conta á prensa, vaia! Pois eu sonlle a mesma que era presidenta dunha comunidade de montes que collín queimada de cabo a rabo, e estaba como estaba o día que ardeu, pero claro, como non vou de Chanel e non me saco autoretratos, non se saben onde están. Gustaríame tamén saber con todo este diñeiro que agora a Xunta vai dar canto se houbera evitado de lumes no noso monte.

Parécelle a vostede ben crear unha comisión composta por membros do equipo de goberno, oposición, para analizar e investigar os efectos reais e devastadores dos incendios? Parécelle ben que unha vez composta a dita mesa fixar datas para reunións con entidades parroquiais e comunidades de montes? Parécelles a vostedes ben coñecer exactamente o estado no que estaban os medios contra incendios? Parécelles a vostedes ben coñecer en que estado se atopaban os pozos de abastecemento de augas e os acceso ás devasas?, Parécelles a vostedes ben valorar cal é o impacto real dos incendios ao respecto das comunidades de montes e de cuantificar os gastos, que tamén hai, en explotacións forestais, agrícolas, e outro tipo de empresas?, Parécelles a vostedes ben que se coñezan as potencialidades do Concello na loita contra incendios e a situación do estado das rutas de accesos e evacuacións?, parécelles a vostedes ben promover desde un Concello as axudas para a reforestación e servizos sociais, así como preparar os montes e os nosos veciños para empezar de cero novamente? Pois todo isto era unha moción, Pleno de urxencia, PP en maioría, voto en contra, non hai debate, non se fai política cos lumes. Pero é máis grave, esta moción foi metida para o Pleno ordinario que se vai celebrar o día 15 no Concello de Porto do Son, e nin tampouco vai así a Pleno. Sres. do PP, isto non é política, isto é politicucha, da cativa, da cativa e moi moi cativa.

Tamén lle vou adiantar outra cousa, igual que estaba concertada esta reunión cos compañeiros deputados de Promoción Económica e de medio Ambiente, hai outra que tamén estaba xa preparada, sen data, que tamén aprazaremos porque claro, non vaia ser que vestida de Chanel non me recoñezan, e ímola deixar, tamén precisamente para coidar ese patrimonio que estaban nos montes porque volvo a insistirlle, vostedes coñecen moi pouco as realidades das comunidades de montes porque se as coñeceran saberían que non temos diñeiro suficiente para repoboar e para coidar o patrimonio que temos, e digo petróglifos, digo mámoas, etc., etc., todo o que vostedes queiran.

Eu só me pregunto que se a Xunta tivera feito os deberes, e eu si que non imos cometer o erro de dicir que foron vostedes os que foron co chisqueiro, porque non, nós non xogamos a iso, pero primeiro mírense o seu embigo, e miren se o PP da Xunta de Galicia, que é a responsable precisamente disto, está facendo a política máis axeitada. Polo tanto, falar como falamos noutras áreas que pedimos reunións coas consellerías correspondentes, sacamos a foto e levamos meses esperando a

que realmente exista unha coordinación, isto é un enfasiada simulación, pero ben, vostedes xa fixeron a ruta do lume, xa a venderon, e gustaríame saber xa que vostedes queren tanto a cooperación porque logo cando os demais levamos estas propostas aos concellos onde gobernan vostedes, dannos xusto coa porta no nariz. Ou a mesma política que fan vostedes na Xunta é diferente a que fan aquí e é diferente a que practican nos concellos, teñen vostedes tres modelos?, pois nós só temos un modelo que é intentar que o territorio estea nas mellores condicións, creo que o acaba de dicir o compañeiro, o que son as obrigas da Deputación xa se está niso e o resto son competencias súas. Máis nada, simplemente reiterar desde aquí que lle pida vostede ao seu compañeiro deputado tamén e alcalde do meu concello que teña a ben levar a moción o día 15 ao Pleno ordinario. Moitas grazas.

Sr. Sacristán de Diego

Dicir que as dúas cuestións que trae o Partido Popular nesta moción e que vostede dicía que nos fixamos ben no que íamos votar, na primeira está claro que xa lle dixen que xa houbo un informe e xa se procedeu á reparación dalgunha delas pero para maior información vou lerlla. “Existiron incendios nas inmediacións das estradas provinciais, sen que consten maiores danos a excepción das seguintes incidencias: DP 6705, acceso ao Miradoiro da Curota, a zona alta do monte está cercada para evitar a saída dos animais en liberdade, na estrada provincial existe un paso canadense para evitar que ditos animais escapen por ela, debido aos incendios os animais tratando de escapar sobrepasaron o paso canadense, debido a iso foi necesario colocar seis sinais de aviso de animais soltos para previr os condutores, a colocación realizouse por medio de contrato de obras urxentes. DP 0701, Santiago a Portomouro, xa se queimou un sinal de aviso de fin de carril adicional que se substitúe mediante as obras de Plan de conservación, agora en execución”. Esas son as incidencias que tivo a estrada provincial e polo tanto a Deputación cumpriu coa súa obriga.

E na segunda, e que hai xa dúas leis, non fai falla dotar ese acordo, por unha banda a Lei 3/2007 do 9 de abril, onde a Xunta que ten todas as competencias pode citar á Deputación cando lle veña en gaña, non fai falla que a Deputación se dirixa á Xunta, pode citarnos cando queira. Por outra banda hai unha lei de coordinación das políticas provinciais, teñen todas as posibilidades na súa man de convocarnos, pero é que ademais ten dúas peticións do mes de outubro, feitas pola Deputación, polo que non é necesario reiterar máis, é dicir, que é adoptar un acordo innecesario, a Xunta pode citarnos cando queira, ten dúas peticións do mes de agosto e ten dúas leis para podelas exercitar, e non fai falla apoiar ningunha moción.

Sr. presidente

Eu quería facer unha pequena achega nesta moción. O tema forestal evidentemente é un tema vital en Galicia desde o punto de vista económico e social, que ninguén dubida, nun territorio como é o país galego e que ten 1.400.000 hectáreas forestais, onde o 48% do territorio español de cada árbore, o 58% dos árbores plantados en España están plantados en Galicia, polo tanto é un tema de verdadeira importancia como país.

O tema dos lumes é un tema que dá, governe quen governe, para xogo político por parte da oposición e creo que nós na Deputación, unha institución

absolutamente responsable non imos loxicamente, como dixeron todos os portavoces a entrar.

A moción divídese en varios puntos, nalgún deles estamos absolutamente de acordo, o primeiro punto está absolutamente aclarado por parte do portavoz do Partido Socialista onde claramente os informes técnicos dos servizos de Vías e Obras din claramente que afecta practicamente a un par de sinais en toda a provincia, dentro das infraestruturas provinciais, pero o que si que é certo é que a moción o que pretende claramente é que a Deputación da Coruña contribúa, que se coordine coa Xunta de Galicia e contribúa economicamente a un problema como é o da valoración e consecuente aboamento de posibles danos onde temos un claro problema. Por unha parte é un tema competencial, non temos competencias en materia de valoración forestal, nin de promoción forestal, nin de incendios en ningún caso forestais, polo tanto, a moción non a podemos votar a favor porque di claramente que contribuamos ao pago de propiedades privadas, que como di ben o portavoz non pode facer a Deputación da Coruña, outra cousa é entidades que son entidades administrativamente veciñais, que son as mancomunidades, os consorcios de xestión de recursos forestais, onde a Deputación ten abertas liñas en concorrencia competitiva desde hai moitísimos anos, corporación tras corporación, e que este ano ofertamos aumentar á vista de que poidan ter algún tipo de afección especial nas súas zonas. Desde ese punto de vista creo que a Deputación cumpre sobradamente, polo tanto, o que di o decreto ao que alude o portavoz do Partido Popular, vendo o resumo do propio Consello da Xunta de Galicia non estamos absolutamente para nada de acordo, estamos de acordo na esencia de que hai que coordinarse, pero coordinarse para cuestións tan esenciais como as que dicían os portavoces previamente, que Galicia ten problemas moi importantes, que son problemas de país, non son problemas dun goberno conxuntural, senón problemas de goberne quen goberne, un país que ten centos de miles de fincas, de propiedades, ten máis fincas Galicia ca o resto de España xunta, onde hai parcelas que non miden nin cincuenta metros cadrados, onde a explotación forestal é inviable desde todos os puntos de vista, e o que fai que o risco de incendios forestais aumenten desproporcionadamente. Polo tanto, ese é o principal problema que ten este país, a ordenación territorial e forestal. Nesa mesa ao mellor se pode sentar a base dun consenso político sobre un problema que ninguén é capaz de abordar, houbo algún intento, como é o banco de terras, que tivo un mínimo éxito pero que foi un pequeno avance, pero aínda queda un mundo de medidas que teñen que estar baseadas claramente na reflexión baseada primeiro no recoñecemento do problema, de que Galicia ten un problema de fraccionamento da propiedade, e por outra parte de consenso político, porque senón vai ser inviable resolver ese problema.

E por outra parte o que di o Consello da Xunta é que esa Mesa de coordinación se crea para digamos que sentar ás administracións implicadas para ver cal é a achega económica que fai cada unha delas. E aí é onde non estamos de acordo, porque quen é o Consello da Xunta para determinar cal é a administración implicada, é dicir, creo que a Lei establece cales son as competencias de cada unha das administracións e a Deputación da Coruña non ten competencias en materia forestal nin de incendios forestais e, polo tanto, non por Decreto da Xunta de Galicia podemos estar implicados nunha mesa simplemente para contribuír economicamente, non, podemos sentarnos para valorar o que dicíamos antes, cales son os problemas que xeran os incendios e dalgunha maneira dar a nosa opinión pero non que se nos sente única e exclusivamente para ver cal é a achega económica que debe facer a

Deputación da Coruña. A Deputación da Coruña, dentro das súas competencias, o que fai é en promoción económica intentar incentivar a actividade económica nun sector como é o forestal nas axudas que fai vía concorrència competitiva e que beneficia ás mancomunidades con presenza na provincia da Coruña.

Polo tanto, nós estamos de acordo en loitar loxicamente, consensuadamente, contra os incendios, estamos moi de acordo en sentarnos a falar como forzas políticas do verdadeiro problema que xera os incendios e, por outra parte, non estamos de acordo loxicamente en que se nos obrigue a sentar nunha mesa para que digamos con que cantidade reenchemos o cheque nun problema que vai máis alá dunha cifra económica nunha mesa de coordinación. Si a coordinarnos, si a facer unha reflexión conxunta nun tema esencial como país, pero non a que se nos impoña nunha moción un tema que se nos escapan as competencias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

(Abandonan o salón os Sres. Dieste Ortigueira, Rivas Caridad e García Cardeso).

II. MOCIÓN SOBRE OS PROXECTOS DE APLICACIÓN DE TECNOSOLOS OU SOLOS ARTIFICIAIS ELABORADOS A PARTIR DE RESIDUOS

ANTECEDENTES DE FEITO

A comarca de Ferrolterra sufriu xa hai uns anos as verteduras de refugallos industriais nos montes de Ferrolterra, dende Narón ás Somozas e nas fincas agrarias de Moeche, As Pontes, San Sadurniño e Cerdido. Daquela os resultados das análises realizadas por algúns concellos dos milleiros de toneladas de "tecnosolos" vertidos sobre prados, manantiais e mesmo a carón de ríos, amosaron altas cantidades de hidrocarburos e metais pesados, superando os máximos legais para a protección da saúde humana. Perante o grave risco que para a saúde ambiental e cidadá supoñen estas prácticas foron varias as denuncias ante a Administración autonómica que remataron con sancións económicas e obriga de retirar os tecnosolos, pero a contaminación xa estaba na terra e nas augas.

As análises confirmaron o potencial contaminante destes materiais: **Altos niveis de metais pesados** (Cu, Mn, Mo, Ni, V, e Zn), superando os límites legais (Decreto 60/2009 de solos contaminados, Anexo II) para a protección da saúde humana; e cantidades totais de **hidrocarburos** que multiplican por máis de 25 (R.D. 9/2005, Anexo IV) os máximos permitidos, e que obrigarían a realizar unha valoración de riscos.

A empresa que promove estes vertidos de tecnosolos, XILOGA, ten unha Avaliación Ambiental Integrada, que se pode consultar na web da Consellaría de Medio Ambiente; e foi suspendida cautelarmente, e minorouse a súa capacidade de produción de 136.000 toneladas anuais a 60.000.

Á marxe de coñecer a composición destes materiais, "tecnosolos" ou solos artificiais elaborados a partir de residuos, resulta claro que o seu xeito de "aplicación" incumpriu a regulamentación que lle é propia, a ITR/01/08 (DOG 18 do 25 de xaneiro de 2008). Nesta instrución técnica indícase que a súa aplicación está prohibida sobre prados, humidais, cabeceiras e marxes de ríos, captacións de auga. Teñen sido aplicados indiscriminadamente sobre terras fértiles, enriba da herba, en vales de elevada pendente cabeceiras de regos e ríos, sobre manantiais e mesmo sobre xacementos arqueolóxicos... Un vertido en toda regra, camuflado como enmenda orgánica, e que potencialmente pode ser unha grave fonte de contaminación ambiental e risco sanitario.

Sen embargo a comarca de Ferrolterra, de novo, é o destino destas verteduras baixo a escusa de rexeneración de canteiras, sen considerar o seu contorno e excesiva proximidade a terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas. Concellos como Ortigueira, As Pontes ou Moeche contan con canteiras que a empresa Xiloga quere rexenerar con "tecnosolos" malia o rexeitamento da veciñanza e malia as pasadas experiencias. Para iso iniciou os correspondentes trámites de solicitude ante a Consellaría de Medio ambiente, quen está a tramitar e incluso a conceder permisos, malia o rexeitamento de concellos afectados. Non só estes concellos son o obxectivo, tamén outros como A Capela ou Neda se ven involucrados ao recibir as augas do río Beelle, que pasa ao pé da canteira de Goente, unha das solicitadas para facer os vertidos. No caso da canteira de Moeche a proximidade ás casas, ás explotacións gandeiras, o acceso á canteira e ao río Xubia, agrava extremadamente a situación ante un vertido de máis de 30.000 toneladas deste material.

O 14 de xullo de 2016 o Concello de Moeche recibiu da Xefatura da Consellaría do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Mar da Delegación Territorial da Coruña da Xunta de Galicia unha solicitude de informe sobre o proxecto de aplicación de tecnosolos na canteira de Penasalbas na parroquia de San Xurxo por parte da empresa Xiloga S.L. No expediente que se achega coa solicitude citada detállanse as condicións para realizar a aplicación de mais de 2.500 toneladas de tecnosolo- que segundo entrevista co técnico autor do proxecto serán aproximadamente unhas 30.000 toneladas- por parte da compañía Xiloga, S.L. A zona de actuación ocupa unha superficie aproximada de 54.346 m² e sitúase ao sur da poboación de Penasalbas no extremo sur da parroquia de San Xurxo de Moeche. Segundo informe emitido polos servizos técnicos do concello de Moeche esta parcela ten ao seu redor núcleos habitados e vivendas illadas que se sitúan a unha cota inferior. A vivenda máis próxima está situada a 65 m, o núcleo de Penasalbas a 130 m e os núcleos de campos de Vigo e Ponte Sur a 300 m. Así mesmo, nas inmediacións da Canteira encóntranse, polo menos, oito puntos de captación individual de auga para consumo humano, catro pozos para usos múltiples, dous pasteiros, tres explotacións gandeiras e as canalizacións de auga potable que abastecen a varias casas da zona e que van á beira do Rego da Fraga, afluente do Río Grade de Xubia, o cal está a 0 metros da canteira e discorre durante uns dous quilómetros desde a canteira ata o seu punto de vertido, o cal é zona protexida, pois o Río Grande de Xubia e as súas marxes están consideradas como lugar de interese comunitario e comprendidos dentro da Rede Natura 2000 de Galicia. Por outro lado, nas proximidades desta

canteira (menos de 300 metros) sitúanse elementos incluídos no Catálogo de Patrimonio municipal.

A estas características da zona obxecto da solicitude únense os antecedentes doutros vertidos de tecnosolos tanto neste termo municipal como noutros próximos, con resultados preocupantes das análises realizadas por entidades e administracións pola súa toxicidade e contaminación, así como as diversas e reiteradas sancións que desde a Administración se lle impuxeron á empresa en relación con este tipo de depósitos de tecnosolos .

Ante a preocupación manifestada polos concellos e veciños e veciñas afectadas da Comarca de Ferrolterra e o alto risco de contaminación ambiental e sanitario que pode provocar o emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais nos proxectos de aplicación de tecnosolos que se pretenden implantar en zonas excesivamente próximas a terras agrícolas, ríos e núcleos de poboación, os Grupos do PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas da Deputación solicitan do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte:

ACORDO

Mostrar a preocupación e desconformidade do Pleno da Corporación da Deputación da Coruña co emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais en proxectos de aplicación de tecnosolos que incumpren a normativa europea e que se pretenden implantar nas proximidades de terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas co consecuente risco para a saúde e o medio, como sucede co proxecto na canteira de Penasalbas do concello de Moeche.

Sr. Soto Vivero

Bo día a todos e a todas. Antes de comezar a relatar a moción polo miúdo, gustárame facer unha delimitación conceptual do que imos falar. Estamos falando dun termo que se denomina tecnosolos, que veñen a ser o resultado final dun proceso no que se empregan lodos industriais, procedentes maiormente da industria alimentaria, como se fosen esterco para a terra. A técnica coñécese de vello e adoita empregarse para potenciar rexeneración de canteiras, vertedoiros e outros lugares onde doutro xeito a vida vexetal tardaría anos en volver a aparecer. As industrias implicadas deste xeito intentan matar dous paxaros dun tiro, por un lado rexeneran zonas degradadas e por outro lado desfácese do refugallo industrial.

A cuestión dos tecnosolos é unha cuestión que creou un problema grande nas comarcas, na comarca de Ferrolterra, concretamente nas subcomarcas de Eume e Ortegaleira e que xa vén desde principios de década. É un problema que abrangue territorialmente desde Narón ata As Somozas e que ten a súa incidencia en terreos agrarios de Moeche, As Pontes, San Sadurniño, Cerdido e algún outro concello. Deste xeito os tecnosolos que nestes territorios se verteron amosaron altas cantidades de hidrocarburos e metais pesados, superando os máximos legais para a protección da saúde humana. Ante o grave risco que para a saúde ambiental e cidadá

supoñen estas prácticas foron varias as denuncias perante a Administración autonómica que remataron con sancións económicas e obriga de retirar os tecnosolos, pero a contaminación xa estaba na terra e nas augas. As análises confirmaron o potencial contaminante destes materiais, por un lado altos niveis de metais pesados, metais pesados como cobre, como zinc, como níquel e outros varios que superaron os límites legais, os límites legais que veñen marcados polo Decreto 60/2009 de solos contaminados no seu Anexo II, e tamén para a protección da saúde humana, e tamén cantidades totais de hidrocarburos que multiplicaban por máis de 25 os máximos permitidos, segundo tamén o que está marcado no Real decreto 9/2005 no seu anexo IV, e que obrigarían naquel caso a realizar unha valoración dos riscos. A empresa que promove estes vertidos de tecnosolos, Xiloga, que está radicada no Concello das Somozas, ten unha avaliación ambiental integrada, que se pode consultar na web da Consellería de Medio Ambiente, e foi suspendida preventivamente e minorouse a súa capacidade de produción, de 136.000 toneladas anuais a 60.000. Á marxe de coñecer a composición destes materiais, tecnosolos ou solos artificiais elaborados a partir de residuos, resulta claro que o seu xeito de aplicación incumpriu a regulamentación que lle é propia, a instrución técnica de residuos 01/08 que foi publicada no DOG número 18 do 25 de xaneiro de 2008, esta instrución técnica indicaba daquela que a súa aplicación estaba prohibida sobre prados, zonas húmidas, cabeceiras e marxes de ríos, e ademais de captacións de auga. Teñen sido aplicados indiscriminadamente sobre terras fértiles, enriba da herba, en vales de elevada pendente cabeceiras de regos e ríos, sobre mananciais e mesmo sobre xacementos arqueolóxicos.. Un vertido en toda regra, camuflado como emenda orgánica, xustificado tamén como fertilizante orgánico, e que potencialmente pode ser unha grave fonte de contaminación ambiental e risco sanitario.

No momento no que estamos, na actualidade, Ferrolterra, volve ser o destino destas verteduras baixo a escusa de rexeneración de canteiras, sen considerar o seu contorno e excesiva proximidade a terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas. concellos como Ortigueira, As Pontes ou Moeche contan con canteiras que a empresa Xiloga quere rexenerar con “tecnosolos” malia o rexeitamento da veciñanza e malia as pasadas experiencias. Para iso iniciou os correspondentes trámites de solicitude ante a Consellería de Medio ambiente, quen está a tramitar e incluso a conceder permisos, malia o rexeitamento de concellos afectados. Non só estes concellos son o obxectivo, tamén outros como A Capela ou Neda se ven involucrados ao recibir as augas do río Belelle, que pasa ao pé da canteira de Goente, unha das solicitadas para facer os vertidos. No caso da canteira de Moeche a proximidade ás casas, ás explotacións gandeiras, o acceso á canteira e ao río Xuvia, agrava extremadamente a situación ante un vertido de máis de 30.000 toneladas deste material.

O pasado 14 de xullo de 2016 o Concello de Moeche recibiu da Xefatura da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Mar da Delegación Territorial da Coruña da Xunta de Galicia unha solicitude de informe sobre o proxecto de aplicación de tecnosolos na canteira de Penasalbas na parroquia de San Xurxo por parte da empresa Xiloga. No expediente que se achega coa solicitude citada detállanse as condicións para realizar a aplicación de máis de 2.500 toneladas de tecnosolo, que segundo nos fixo ver un técnico autor do proxecto, serían aproximadamente unhas 30.000 toneladas, e non as 2.500 que van na solicitude de vertido. A zona de actuación ocupa unha superficie aproximada de 54.346 m² e sitúase ao sur da poboación de Penasalbas no extremo sur da parroquia de San Xurxo de Moeche e moi preto ao afamado Castelo de Moeche. Segundo informe

emitido polos servizos técnicos do concello de Moeche esta parcela ten ao seu arredor núcleos habitados e vivendas illadas que se sitúan a unha cota inferior. A vivenda máis próxima está situada a 65 metros, o núcleo de Penasalbas está situado 130 metros e os núcleos de campos de Vigo e Ponte Sur a 300 metros. Así mesmo, nas inmediacións da canteira encóntranse, polo menos, oito puntos de captación individual de auga para consumo humano, outros catro pozos para usos múltiples, dous pasteiros, tres explotacións gandeiras e as correspondentes canalizacións de auga potable que abastecen a varias casas da zona . Por outro lado, nas proximidades desta canteira, a menos de 300 metros, sitúanse elementos incluídos no Catálogo Patrimonial municipal, entre outros, como antes comentaba, o Castelo de Moeche.

Ante a preocupación manifestada polos concellos e veciños e veciñas afectadas da Comarca de Ferrolterra e o alto risco de contaminación ambiental e sanitario que pode provocar o emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais nos proxectos de aplicación de tecnosolos que se pretenden implantar en zonas excesivamente próximas a terras agrícolas, ríos e núcleos de poboación, os Grupos do PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas na Deputación solicitan do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo. Sería: “Mostrar a preocupación e desconformidade do Pleno da Corporación da Deputación da Coruña co emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais en proxectos de aplicación de tecnosolos que incumpren a normativa europea e que se pretenden implantar nas proximidades de terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas co consecuente risco para a saúde e o medio, como sucede concretamente no caso que acabamos de comentar, na canteira de Penasalbas no concello de Moeche.

Finalmente, para complementar un pouco a literalidade da moción, estamos a falar dun problema grave, incluso desde o punto de vista da saúde pública, un problema que xa vén dado desde primeiros de década, que se manifesta claramente na vida das persoas máis afectadas, na vida das persoas que habitan, e algunhas xa non habitan, pero que si habitaron eses territorios nos que se verteron eses produtos contaminantes e que nalgúns casos, como digo, supuxo incluso o abandono dalgunha desas vivendas que os seus habitantes non soportaban máis a incidencia que nas súas vidas, no día a día, tiñan estes vertidos. Uns vertidos nos que foi comprobado de forma fidedigna o incumprimento reiterativo no xeito de levarlos a cabo, na instrución técnica que antes comentaba, unha instrución técnica da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, e onde tamén se amosan cantidades moito máis altas do permitido legalmente en hidrocarburos e metais pesados. Entendemos que a administración non debe de permitir camuflar como rexeneración ambiental o que non son máis que simples, pero ao mesmo tempo, extensos vertidos de refugallos altamente contaminantes e perigosos para o medio ambiente e a saúde das persoas. Quero remarcar que é un problema non polo mero feito de non afectar a grandes masas de poboación non é menos importante. É un problema que afecta a moitos núcleos de poboación nos concellos que antes comentaba e que ten unha grande incidencia no día a día das vidas desas persoas, desas familias que levan case 10 anos sufrindo nas súas carnes as consecuencias destes vertidos que non son feitos conforme á legalidade no seu máis estrito cumprimento.

Sr. García Seoane

Con todo cariño, o fondo está claro, está claro que hai un problema gravísimo de contaminación, que hai un problema gravísimo de abuso das comunidades onde se verten eses vertidos, que é un gran negocio porque ninguén ignora que detrás dos vertidos sacar dunha zona cóbranse grandes cantidades de diñeiro, por sacalo e por tiralo, e por tiralo en sitios ilegais, cobran dúas veces. Polo tanto, paréceme moi ben o fondo pero preocúpame, xa no PSOE, pero no BNG preocúpame que non sexa máis contundente, digo máis contundente no sentido de mostrar a preocupación e desconformidade, que estamos dicindo aquí?, nada, mostramos a preocupación, non, estamos indignados, estamos tremendamente indignados, e polo tanto o que hai que facer é, non mostrar a preocupación senón denunciar, impedir, o que se está a facer, desde os concellos apoiar aos concellos, desde a Deputación, que está para iso, e parar este tipo de actividades de contaminación ambiental e de risco sanitario. Polo tanto, estou totalmente de acordo pero que creo que hai que cambiar a frase de “mostrar a preocupación”, ir contra os que autorizan este tipo de vertidos, a Consellería de Industria terá algo que ver nisto, despois que non suceda o das rodas, ou o que pode pasar en Arteixo tamén coas rodas, ou en outros municipios, tamén tedes unha esterqueira de rodas, anda preto por aí de Arteixo, ben, onde estea.

Polo tanto, o que temos é que, non mostrar preocupación, porque entón isto non ten sentido ningún, é unha opinión de pouca importancia, que o que queda é iso, estamos preocupados, non, estamos indignados, paren de facer este tipo de actos confusos, e dirixirse a quen se haxa que dirixir desde a Deputación dicindo que isto non se pode consentir, isto é o tema. E despois perséguese os veciños por tirar unha prancha de uralita, me cago na mar salgada, despois perséguese a un veciño e méteselle unha multa máis cara da que lle meten a un individuo destes, hai que actuar. Indignados, preocupados e denunciámos.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, bos días outra vez. Sen querer entrar en polémica, como noutro caso, creo que neste tema, como case que en todos, é importante documentarse e informarse. Non me interprete a parte do bigoberno dándose por aludidos pero a elaboración e aplicación de tecnosolos, solos artificiais derivados de residuos está regulada en Galicia pola instrución técnica de residuos, ITR1 2008, lembro que en 2008 o conselleiro de Medio Ambiente era militante, creo que agora aínda é militante do Partido Socialista de Galicia, pero ben, en todo caso, obviamente é unha norma de 2008, que desde a Deputación poderíamos instar á Xunta de Galicia a modificar, a reflexionar ao respecto, pero que é unha norma de aplicación no noso territorio, unha norma elaborada no seu día pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. A finalidade desta norma é a regulación da produción dos tecnosolos derivados de residuos non perigosos que cumpran as principais funcións dos solos, que sexan susceptibles de evolucionar por procesos de formación de solos e realicen unha estabilización eficiente do carbono no solo e na biomasa que se desenvolva sobre eles, polo tanto, evidentemente significan un beneficio medioambiental e cara á diminución dos efectos do cambio climático, entre outras cuestións.

O emprego de tecnosolos permite evitar a utilización de materiais de interese ambiental como, por exemplo, as turbas ou a terra vexetal extraída doutros solos, permitindo ademais a valorización de determinados residuos que doutro xeito terían

que ser eliminados en vertedoiros, co cal tamén iso significa un beneficio ambiental. A súa aplicación está especialmente indicada en procesos de recuperación de solos degradados, zonas con afloramentos rochosos, cubrición de vertedoiros, zonas afectadas por obras urbanas e infraestruturas diversas, zonas industrializadas, minas e canteiras, ou en solos silvícolas, degradados precisamente pola erosión e incluso polos incendios ou a perda da súa capacidade produtiva. Evidentemente, os tecnosolos derivados de residuos deberán de estar libres de calquera tipo de toxicidade.

Co fin de preservar a naturalidade dos solos, a ITR 1/2008 establece que a súa utilización está totalmente prohibida, e iso establece a norma, en áreas protexidas, ou de interese natural e paisaxístico, en áreas de elevada sensibilidade ambiental, como por exemplo turbeiras, marismas ou zonas de carrizas, en zonas hidromorfas, en solos singulares que deben de ser protexidos como patrimonio edafoxenético, en bosques climáticos, en prados, en pasteiros naturais, en cabeceiras e marxes de ríos, así como en fontes e pozos de captación de auga subterránea para abastecemento da poboación. Iso especifica claramente a normativa. As condicións tanto da elaboración como da aplicación dos tecnosolos están reguladas de maneira detallada na instrución técnica que lle é de aplicación, estando sendo utilizados, con éxito por certo, en diversas actuacións de recuperación de espazos degradados, por exemplo, preto de Santiago na mina de Touro, ou en vertedoiros de obras como nas obras de acceso de alta velocidade de Galicia.

Efectivamente, tal e como se indica na moción, en pasados anos foron detectados incumprimentos da empresa Xiloga respecto de certas aplicacións de tecnosolos, ditos incumprimentos derivaron nos correspondentes expedientes sancionadores, por parte da Consellería de Medio Ambiente, así como nunha revisión en profundidade tanto do proceso produtivo como das novas solicitudes de aplicación formuladas pola devandita empresa, de acordo coas informacións que nós temos da propia consellería. Todo iso derivou na modificación da autorización ambiental integrada das instalacións de Xiloga nas Somozas, limitándose a súa capacidade de produción co fin de garantir a calidade de tecnosolo producido. Ademais, de acordo coas informacións que nos facilita a Xunta de Galicia, as únicas solicitudes de aplicación tramitadas desde entón, son as correspondentes a proxectos de restauración de espazos degradados, principalmente explotacións mineiras abandonadas.

Nese sentido, o noso Grupo provincial estaría de acordo en votar a favor desta moción se a moción fora modificada na súa derradeira parte, ao respecto de eliminar a referencia concreta que fai a moción á canteira de Penasalbas, porque cremos que a moción estaría moito mellor redactada, estaríamos tamén de acordo en admitir o texto que suxire o portavoz de Alternativa dos Veciños, pero cremos que falando dunha cuestión de interese provincial, deixar na última parte da moción unha frase que dixera "Así como en todas aquelas outras áreas prohibidas pola normativa da aplicación de tecnosolos". Deste xeito quedaría garantida que en calquera sitio, con independencia tamén, de ser o caso, nesa canteira, a Deputación estaría en contra da aplicación non axeitada dese tipo de materiais. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Soto Vivero

Entendo que o que quere o portavoz do Partido Popular é retirar a mención á canteira de Penasalbas e substituíla por outros...

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Si, quedaría, a moción "...para a saúde e o medio, así como en todas aquelas outras áreas prohibidas pola normativa da aplicación de tecnosolos".

Sr. Soto Vivero

Xa, pero na canteira de Penasalbas estase tramitando unha autorización actualmente, e a cantería de Penasalbas entra dentro deses conceptos. que antes dicía o portavoz do Partido Popular, de zonas ao mellor protexidas. Entón, nese sentido, eu entendo que non podemos retirar esa cuestión porque é unha cuestión que está en tramitación e que hai bastante escurantismo por parte da Xunta de Galicia no sentido de que o Concello de Moeche ten solicitados reiterados informes xa desde xullo de 2015, a Xunta de Galicia ten manifestado que non existen eses informes e despois aparecer en maio de 2016 eses informes que se referían a maio de 2015. Entón, aquí como hai cuestións que están bastantes escuras e que se están dilucidando no momento actual, eu entendo que a referencia á canteira de Penasalbas non debe de ser retirada da moción porque é unha referencia importante dentro do contexto xeral da moción. Nese sentido entendemos que non podemos retiralo. Se queremos engadir a maiores iso que di o Partido Popular, non hai problema, pero non podemos retirar a mención á canteira de Penasalbas para nada.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Se non retiran a mención nós loxicamente imos absternos, posto que non temos ningunha dúbida que no caso de que non cumpra a normativa a Xunta de Galicia non vai autorizar esa actuación, obviamente, e non temos enriba da mesa ningún documento que acredite de xeito fidedigno que nestes momentos esa petición incumpra a normativa. Polo tanto, o noso posicionamento de voto vai ser a abstención.

Sr. Soto Vivero

Eu solo para responder un pouco ao que dicía Gelo, estou de acordo con todo o que el comentaba, estamos tan indignados, levamos tan indignados durante seis anos que foi esta organización política á que pertence este Grupo provincial a que sempre encabezou as demandas e as denuncias, tanto por vía parlamentar como por outras vías, pola vía fiscal, a que encabezou sempre a demanda e as denuncias neste tema concreto. Xa foi desde o ano 2010 e 2011 cando continuas intervencións no Parlamento galego foi levado este tema alí, e foi naqueles anos, 2011, 2012, cando saíu á luz pública eses incumprimentos por parte de Xiloga que despois deron lugar as consecuencias que ocasionaron. Nese sentido entendemos que levamos indignados xa moito tempo e así o puxemos de manifesto pola vía dos feitos, reuníndonos cos veciños, facendo protesta social co que alí estaba acontecendo, poñéndonos diante dos vertidos, persoalmente, cargos institucionais e cargos orgánicos e militantes da nosa organización tamén, en moitas ocasións e situacións

moi complicadas e nese sentido eu penso que esta organización ten cuberta a cota da indignación máis que suficiente, aínda que é verdade que podemos seguir indignados, o que pasa é que o contexto no que se enmarca esta moción, que era traer aquí ao Pleno da Deputación, era poñer de manifesto que segue habendo un problema grave no territorio de Ferrolterra, e que o Pleno da Deputación mostrase esa desconformidade con iso. Aquelas cuestións máis contundentes, desde o punto de vista institucional, xa se están levando a cabo no Parlamento Galego, e aquelas cuestións que teñen que ser tamén máis contundentes desde o punto de vista social, xa as estamos levando tamén a cabo ao pé da rúa e defendendo os intereses lexítimos dos veciños e veciñas, que están sufrindo, e moito, as consecuencias destas verteduras que son, a todas luces, ilegais.

Sr. presidente

Eu, unha cuestión tamén como alcalde da zona afectada. Dikir que, efectivamente, esta instrución técnica na que se basea a aplicación dos tecnosolos foi promovida naquel caso polo Conselleiro de Medio Ambiente do Partido Socialista, pero o acordo que aquí se trae a este Pleno por parte do PSde-G e do BNG, di claramente, non que esteamos en contra dos tecnosolos, que é unha fórmula amparada pola propia Unión Europea, por normativa europea, e vén avalada, loxicamente, como fórmula de valorización de residuos e como fórmula de recuperación de espazos degradados, por técnicos das propias universidades, como a propia Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Pero di claramente, proxectos de aplicación de tecnosolos que incumpran a normativa europea, e polo tanto o que si é certo é que en Ferrolterra hai unha alarma social provocada por estes vertidos, son uns vertidos que teñen un problema de olores enorme, que fai moito peor a sensación de alarma, e que o que si que é certo é que esta aplicación ocasionou expedientes sancionadores administrativos que si ocasionaron unha multa, unha sanción administrativa, pero o dano xa está feito, é dikir, polo tanto esa alarma social o único que nosoutros pedimos na moción é que non se permita a aplicación de tecnosolos que incumpran a normativa europea, que con iso estamos de acordo todos evidentemente, e sobre todo que se evite aplicar esa solución, que é o que nosoutros lle trasladamos á propia empresa como o Concello das Pontes de García Rodríguez en moitas ocasións, que nas Pontes sabemos moito de tecnosolos, que se evite aplicala na proximidade das vivendas, se hai vivendas preto é un auténtico problema.

Que se aplica en espazos degradados como canteira cumprindo a normativa europea, nacional e galega?, por suposto, non hai ningún problema, o problema é que se aplique en zonas que están habitadas como é o caso da canteira de Moeche, como é o caso da canteira das Pontes, que está tamén solicitada de autorización, e que nosoutros a propia empresa lle transmitimos que busquen espazos que necesiten ser recuperados, que os hai, por desgraza, a punta pala, hai un catálogo extensísimo, pero que non ocasione alarma social neses espazos. E, polo tanto, creo que non hai ningunha incompatibilidade no que propón o portavoz do Partido Popular e o que propón a propia moción, pero en calquera caso, loxicamente, hai liberdade de voto.

Sr. García Seoane

Non vou ler o texto que está aí, que todos o temos, pero non di dirixido a quen, aquí non se di a quen, estamos preocupados todos, e a quen nos diriximos?, eu digo,

estamos indignados, apoiamos aos concellos que están afectados e nos diriximos ás Consellerías responsables do control destas materias, eu creo que falta algo aí, senón que estamos aprobando?, nos decatamos de que nos contades unha historia e marchámonos todos para casa tranquilos, e non pasa nada máis, eu creo que falta algo, eu non intento poñerlle a ninguén cousas na súa moción, non veño a figurar, veño aquí a dicir o que penso, pero o tema é ese, falta algo aquí, a quen nos diriximos?, a quen apoiamos?, estamos apoiando os concellos afectados, e a quen denunciámos?, a que tomen as medidas as consellerías que lles corresponda, Medio Ambiente e Industria.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Non por abrir de novo o debate, simplemente dicir o seguinte. Creo que o razoable, o lóxico, estamos a falar dun expediente que creo que está en tramitación, se me trabuco, loxicamente, alguén fará as achegas que considere, está en tramitación. Creo que o operativo sería adoptar un acordo, de acordo co falado no debate podería ser por unanimidade, ao respecto deste problema que acontece na globalidade da provincia e na tramitación por parte da Xunta de Galicia, ou simplemente a instancia da propia Deputación, trasladar ese acordo para que se considere no procedemento de tramitación dese expediente e de calquera outro que aconteza na provincia, posto que estamos a falar dun caso concreto, se neste Pazo provincial falamos de casos concretos probablemente non sexamos capaces de xestionar o día a día da Deputación, pero en todo caso iso non me corresponde a min valoralo. Simplemente dicir que, obviamente, este grupo está de acordo no estrito cumprimento da normativa, incluso estaría de acordo en facer unha proposta de reflexión á Xunta de Galicia ao respecto dos axustes desa normativa que é de 2008 e probablemente podería acontecer algún cambio que permitira incrementar os requirimentos, incluso de incrementar os requirimentos, e de que, loxicamente, logo despois a Xunta de Galicia esixa o cumprimento, pero insisto que é un caso concreto, que non está rematado, pois está ben adiantarse e manifestar o noso rexeitamento, pero nese caso e en calquera outro similar que supoño que haberá como subliñou o propio presidente no caso do seu concello.

Sr. presidente

Estamos falando do mesmo, efectivamente, aquí o certo é que hai un expediente aberto sobre unha petición concreta, facemos unha reflexión na moción de todos os casos en xeral pero aquí no acordo, efectivamente, fala de mostrar a preocupación e desconformidade do Pleno da Corporación da Coruña co emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais en proxectos de aplicación de tecnosolos que incumpren a normativa europea e que se pretenden implantar nas proximidades de terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas co consecuente risco para a saúde e o medio, como sucede, como exemplo, no proxecto porque é un expediente que está aberto agora hoxe en día. O propio expediente ten un trámite que seguro que está xa cumprido, que é o informe do concello onde se vai aplicar a fórmula, o informe do concello estou seguro que é denegando o permiso, non é un informe vinculante para a consellería, pero si o terá en conta ou o debe de ter en conta. Aquí o que facemos é, respectando esta redacción, e aumentando co que acabas de dicir, Agustín, creo que é perfectamente compatible, e tes razón. É dicir, no caso este, como somos conscientes de que hai núcleos de casas nas proximidades, mostrámoslle a desconformidade, hai núcleos de casas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Nós non coñecemos eses informes

Sr. presidente

Tampouco coñecemos nosoutros os informes e buscamos a información, esta moción está presentada desde hai días, pódese preguntar, hai núcleos de casa preto?, hai alarma social?, un fabrícase o seu criterio, aquí non vimos única e exclusivamente a interpretar ou a ler as instrucións técnicas, senón ter un criterio político, o criterio político é, hai alarma social en Ferrolterra por este tema?, eu dígoche que a hai. Que nosoutros tivemos aplicacións de tecnosolos nas Pontes?, o resultado?, nefasto, socialmente, e aínda encima paralelamente deu lugar a expedientes sancionadores administrativos?, si, polo tanto tiñan razón aínda encima administrativamente ou tecnicamente os veciños que se queixaban?, si. Entón, á vista diso, nosoutros non queremos quedarnos unicamente na interpretación dunha instrución técnica, aquí non estamos para iso, senón que o criterio político é, pedir ou mostrar a nosa desconformidade con todos aqueles expedientes de autorización de tecnosolo, por suposto, se incumpren coa normativa europea, con todos, pero ademais os que cumpran coa normativa europea e a instrución técnica que a autorización da Consellería de Medio Ambiente non se autorice cando ocasione a aplicación dos tecnosolos nos núcleos de casas, pola alarma social que está creada, en xeral, xa non só neste caso. Polo tanto, creo que podemos aumentar, aparte do que dis ti, que creo que é evidente, polo tanto, facer digamos que a referencia a todos os casos onde na provincia se intenta aplicar este tecnosolo que incumpre a normativa europea e que non se aplique nas entornas dos núcleos das casas. Eu creo que non hai ningunha incompatibilidade entre as dúas cousas, ou sexa, se incumpre a normativa non estamos aquí de acordo ningún, e se se aplica no contorno das casas, vista a alarma social, tampouco.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Nós, en caso de manter a mención específica imos abstermos.

Sr. presidente

Incorporaríase un segundo punto de darlle traslado ás autoridades competentes que autorizan estes procedementos, do acordo adoptado.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 10 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“MOCIÓN SOBRE OS PROXECTOS DE APLICACIÓN DE TECNOSOLOS OU SOLOS ARTIFICIAIS ELABORADOS A PARTIR DE RESIDUOS

ANTECEDENTES DE FEITO

A comarca de Ferrolterra sufriu xa hai uns anos as verteduras de refugallos industriais nos montes de Ferrolterra, dende Narón ás Somozas e nas fincas agrarias de Moeche, As Pontes, San Sadurniño e Cerdido. Daquela os resultados das análises realizadas por algúns concellos dos milleiros de toneladas de "tecnosolos" vertidos sobre prados, manantiais e mesmo a carón de ríos, amosaron altas cantidades de hidrocarburos e metais pesados, superando os máximos legais para a protección da saúde humana. Perante o grave risco que para a saúde ambiental e cidadá supoñen estas prácticas foron varias as denuncias ante a Administración autonómica que remataron con sancións económicas e obriga de retirar os tecnosolos, pero a contaminación xa estaba na terra e nas augas.

As análises confirmaron o potencial contaminante destes materiais: **Altos niveis de metais pesados** (Cu, Mn, Mo, Ni, V, e Zn), superando os límites legais (Decreto 60/2009 de solos contaminados, Anexo II) para a protección da saúde humana; e cantidades totais de **hidrocarburos** que multiplican por máis de 25 (R.D. 9/2005, Anexo IV) os máximos permitidos, e que obrigarían a realizar unha valoración de riscos.

A empresa que promove estes vertidos de tecnosolos, XILOGA, ten unha Avaliación Ambiental Integrada, que se pode consultar na web da Consellaría de Medio Ambiente; e foi suspendida cautelarmente, e minorouse a súa capacidade de produción de 136.000 toneladas anuais a 60.000.

Á marxe de coñecer a composición destes materiais, "tecnosolos" ou solos artificiais elaborados a partir de residuos, resulta claro que o seu xeito de "aplicación" incumpriu a regulamentación que lle é propia, a ITR/01/08 (DOG 18 do 25 de xaneiro de 2008). Nesta instrución técnica indícase que a súa aplicación está prohibida sobre prados, humidais, cabeceiras e marxes de ríos, captacións de auga. Teñen sido aplicados indiscriminadamente sobre terras fértiles, enriba da herba, en vales de elevada pendente cabeceiras de regos e ríos, sobre manantiais e mesmo sobre xacementos arqueolóxicos... Un vertido en toda regra, camuflado como enmenda orgánica, e que potencialmente pode ser unha grave fonte de contaminación ambiental e risco sanitario.

Sen embargo a comarca de Ferrolterra, de novo, é o destino destas verteduras baixo a escusa de rexeneración de canteiras, sen considerar o seu contorno e excesiva proximidade a terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas. Concellos como Ortigueira, As Pontes ou Moeche contan con canteiras que a empresa Xiloga quere rexenerar con "tecnosolos" malia o rexeitamento da veciñanza e malia as pasadas

experiencias. Para iso iniciou os correspondentes trámites de solicitude ante a Consellería de Medio ambiente, quen está a tramitar e incluso a conceder permisos, malia o rexeitamento de concellos afectados. Non só estes concellos son o obxectivo, tamén outros como A Capela ou Neda se ven involucrados ao recibir as augas do río Beelle, que pasa ao pé da canteira de Goente, unha das solicitadas para facer os vertidos. No caso da canteira de Moeche a proximidade ás casas, ás explotacións gandeiras, o acceso á canteira e ao río Xubia, agrava extremadamente a situación ante un vertido de máis de 30.000 toneladas deste material.

O 14 de xullo de 2016 o Concello de Moeche recibiu da Xefatura da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Mar da Delegación Territorial da Coruña da Xunta de Galicia unha solicitude de informe sobre o proxecto de aplicación de tecnosolos na canteira de Penasalbas na parroquia de San Xurxo por parte da empresa Xiloga S.L. No expediente que se achega coa solicitude citada detállanse as condicións para realizar a aplicación de mais de 2.500 toneladas de tecnosolo- que segundo entrevista co técnico autor do proxecto serán aproximadamente unhas 30.000 toneladas- por parte da compañía Xiloga, S.L. A zona de actuación ocupa unha superficie aproximada de 54.346 m² e sitúase ao sur da poboación de Penasalbas no extremo sur da parroquia de San Xurxo de Moeche. Segundo informe emitido polos servizos técnicos do concello de Moeche esta parcela ten ao seu arredor núcleos habitados e vivendas illadas que se sitúan a unha cota inferior. A vivenda máis próxima está situada a 65 m, o núcleo de Penasalbas a 130 m e os núcleos de campos de Vigo e Ponte Sur a 300 m. Así mesmo, nas inmediacións da Canteira encóntranse, polo menos, oito puntos de captación individual de auga para consumo humano, catro pozos para usos múltiples, dous pasteiros, tres explotacións gandeiras e as canalizacións de auga potable que abastecen a varias casas da zona e que van á beira do Rego da Fraga, afluente do Río Grade de Xubia, o cal está a 0 metros da canteira e discorre durante uns dous quilómetros desde a canteira ata o seu punto de vertido, o cal é zona protexida, pois o Río Grande de Xubia e as súas marxes están consideradas como lugar de interese comunitario e comprendidos dentro da Rede Natura 2000 de Galicia. Por outro lado, nas proximidades desta canteira (menos de 300 metros) sitúanse elementos incluídos no Catálogo de Patrimonio municipal.

A estas características da zona obxecto da solicitude únense os antecedentes doutros vertidos de tecnosolos tanto neste termo municipal como noutros próximos, con resultados preocupantes das análises realizadas por entidades e administracións pola súa toxicidade e contaminación, así como as diversas e reiteradas sancións que desde a Administración se lle impuxeron á empresa en relación con este tipo de depósitos de tecnosolos .

Ante a preocupación manifestada polos concellos e veciños e veciñas afectadas da Comarca de Ferrolterra e o alto risco de contaminación ambiental e sanitario que pode provocar o emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais nos proxectos de aplicación de tecnosolos que se pretenden implantar en zonas excesivamente próximas a terras agrícolas, ríos e núcleos de poboación, os Grupos do PSdG-PSOE e BNG-Asembleas Abertas da Deputación solicitan do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte:

ACORDO

Mostrar a preocupación e desconformidade do Pleno da Corporación da Deputación da Coruña co emprego de materiais elaborados a partir de residuos industriais en

proxectos de aplicación de tecnosolos que incumpren a normativa europea e que se pretenden implantar nas proximidades de terras agrícolas, ríos, regos e núcleos de casas co consecuente risco para a saúde e o medio, como sucede co proxecto na canteira de Penasalbas do concello de Moeche.

Darlle traslado da presente moción á Xunta de Galicia.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, unha pregunta. O pasado mes de xaneiro este Pleno deu o seu visto e praxe á sinatura dun convenio entre a Deputación Provincial e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades culturais complementarias de posta en valor. O convenio pretendía regular e corrixir certos erros na xestión realizada polo concello desde 2014, que xa causaran danos na réplica do dolmen, poñendo límites ao tipo de actividades que se podían realizar no recinto, así como tamén ao número de persoas que podían acceder simultaneamente á instalación. Tamén se impoñía como condición para a celebración de actividades a concesión da autorización por parte da Deputación solicitada, cando menos, quince días antes do evento.

(Abandona o salón o Sr. Oujo Pouso).

Como saben, o dolmen é o monumento megalítico máis importante de Galicia, glosado por Murguía e por Pondal, contén, ademais, un dos poucos exemplos conservados de pintura megalítica e unha recente investigación do pasado mes de xuño descubriu nos restos pictóricos que deben de ser estudados. O exceso de visitantes compromete a conservación desas pinturas. Por eses motivos, no seu día esta Deputación efectuou un importante esforzo económico para a súa posta en valor e conservación.

O pasado 20 de agosto tivo lugar un acto que desde diversas entidades sociais foi cualificado como partidista. A sorpresa foi aínda maior cando os medios revelaron que o concello non solicitara autorización para a súa celebración. Temos dúbidas, ademais, sobre se o acto cumpriu as limitacións de capacidade establecidos no convenio. Desde o noso grupo entendemos que o dolmen de Dombate non pode converterse nun mero pano de fondo que sirva como escusa para a realización de calquera actividade, pois é un ben dun enorme valor propio, e como tal debe de ser tratado, garantindo a súa conservación.

A pregunta, finalmente é que medidas pensa tomar ao respecto o goberno provincial para garantir o cumprimento de xestión do dolmen de Dombate asinado co Concello de Cabana de Bergantiños.

(Abandona o salón a Sra. Gallego Neira)

Sr. presidente

Como ben dis hai un convenio co Concello de Cabana de Bergantiños que o respecta escrupulosamente o Concello de Cabana de Bergantiños e a propia Deputación, evidentemente, onde habitualmente recibimos solicitudes de autorización para a realización de actos e eventos naquel contorno no que, como ti ben dis, tanto cariño, tanto presuposto e tanto compromiso leva demostrado esta Deputación co dolmen de Dombate e que segue demostrando que é un cariño e un presuposto único en todas as administracións, estatal, autonómica, provincial e local, único, e polo tanto o Servizo de Patrimonio desta casa vivía constantemente a súa preservación. Polo tanto, sempre pode haber algunha disfunción, algún erro, non ten máis importancia, nese caso o Concello de Cabana non solicitou autorización para a prestación dese evento, acaban de solicitar outro para os próximos días, déuselles autorización, habitualmente dáse autorización, sempre co informe previo do Servizo de Patrimonio, e cando o Servizo de Patrimonio ve algunha incompatibilidade coa preservación do dolmen, loxicamente denega.

Polo tanto, podeades estar tranquilos que nese sentido, como en todo na vida, sempre hai algunha pequena disfunción, pero creo que se hai algún exemplo de preservación dun elemento patrimonial, é o dolmen de Dombate.

Sr. García Seoane

Eu quero tocar un tema que lamentablemente levo preguntado por el desde que estou aquí de deputado, desde que saíu a orde, en varias ocasións, nunca se me deu contestación, nin se me permitiu ver o expediente, entón o outro día na comisión que houbo o xoves pasado onde se tocaban os coches que se entregaban a Ares e a Dumbría eu fixen unha pregunta cando se ía resolver a convocatoria de subvencións a entidades deportivas veciñais, de cidadáns, e díxoseme que aínda estaba a cousa por ver, e o martes sae xa no Boletín esa resolución, pero claro, sae unha resolución que me parece moi grave, presidente, e que esta non é a política que debe de seguir este Grupo de goberno. É unha política que me recorda tempos antigos e que para nada espero do goberno actual na Corporación.

Esta subvención, e vou citar algúns casos só, porque sería molesto estar aquí todo o tempo, se dan unhas subvencións, e dise que se dá o 80%, que é o máximo que permita a normativa, dar máis sería ilegal, entón para facer ver que se dá o 80% dáse unha subvención, por exemplo, Asociación Cultural de Bazán de Ferrol, unha subvención dun 80%, de 3.995 euros sobre 4.993, mentira, o orzamento real son 13.600. Isto ocorre no Casino Ferrolán de Tenis onde se lle dá unha subvención de 5.000 cun orzamento de 6.244, o 80%, non, piden 23.000, e dáselle catro mil novecentos e pico, 21%, pero así podía varios casos. Por exemplo, o Club de Regatas de Perillo, pobo onde naceu o alcalde Oleiros, un club importantísimo de remo de Galicia, pide unha subvención, achega un orzamento con 20.000 e dáselle unha subvención de 3.000, e dise que o orzamento son 3.750, o 80%, mentira, o 15%. Pero o máis grave, e non quero cansar, é que hai concellos que levan o 91%, é dicir que as cifras estanse alterando gravemente, isto é moi grave. Por exemplo, Club de Remo de Narón, pide unha subvención para dúas palas e un banco móbil, e cun orzamento de 2.400, e danlles 2.199, o orzamento neste caso aquí o que pon a Deputación increméntao, pon que presentou un orzamento de 2.749, cando o que pedía era o orzamento de 2.400, e danlle o 91%. Club de Remo da Pobra do

Caramiñal, di que pide oito mil setecentos e pico, danlle 7.000, danlle o 80%, pero realmente presentou un orzamento de 12.600 e danlle o 55%.

E paso a outro caso así escandaloso, por non cansar, Club Náutico de Ares, ría de Ares, dásele unha subvención de 4.498 euros cun orzamento supostamente de 5.622, o 80%, cando realmente o orzamento que presentou o Club Náutico de Ares é de 4.841, menos do que pon aquí a Deputación que pediu, e danlle o 92%. Non sigo porque sería unha novela, eu creo que isto non pode ocorrer, eu non vin de floreiro á Deputación, quero que quede claro, combaterei todo aquilo que crea que teño que combater, apoiarei ao goberno en todo o que poida apoialo, teñen a miña fidelidade nese aspecto, pero cando as cousas sexan ben feitas, cando sexan mal feitas e cando se me queira ignorar saiban que me teñen en fronte, vou impugnar esta adxudicación que saíu no Boletín.

Sr. presidente

Descoñezo que se denegara ver o expediente, teño a absoluta convicción de que iso non acontece.

Sr. García Seoane

Aínda hoxe o funcionario que teño, aínda se lle deu hoxe a última hora, aínda se lle deu hoxe a pesar de que xa saíu no Boletín e que o podía ver por todo o mundo.

Sr. presidente

Daremos instrucións para que iso non ocorra. Respecto esas diferenzas que ves, comentando agora con Intervención, descoñecía. Iso son axustes porque hai conceptos dos orzamentos, por iso varían os orzamentos, dos orzamentos que piden os solicitantes, as entidades, hai unha explicación técnica, que non se aceptan, é dicir, hai partidas dos orzamentos que non se aceptan, por iso hai esas variacións. Ten unha explicación técnica que o servizo pódexo explicar perfectamente en canto acabe o Pleno.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Tiña unha pregunta e un rogo. A pregunta en primeiro lugar en relación co rescate da xestión do servizo de bombeiros comarcais da Deputación da Coruña, dicir que de acordo coa información que temos no noso grupo, que eu lembre o 12 de xaneiro houbo unha reunión de vostede cos outros presidentes e presidenta da Deputación de Pontevedra, coa Xunta de Galicia respecto desa cuestión, unha segunda reunión o día 2 de marzo, nesa xuntanza que nós saibamos todas as administracións faláron de actuar de xeito rápido e creo que tiveron lugar xuntanzas dunha mesa técnica, de acordo coas miñas informacións a derradeira o día 6 de xuño, neste grupo maioritario da Corporación non temos noticia dun documento técnico, nin dun informe de Intervención, xurídico, a nivel do consorcio ou da propia Deputación ao respecto desta cuestión. Lembro que en febreiro deste ano houbo unha xuntanza onde nós estivemos representados, e o Grupo Provincial Popular deixou claro que estabamos a favor da xestión directa deses parques, sempre e cando fóra viable xurídica e economicamente, é dicir, máis eficiente para os intereses da provincia

porque lembremos que hai que ter en conta que estamos a falar dun sistema que pode ter moitas eivas pero que funciona axeitadamente nestes momentos. De acordo coas nosas informacións o asunto, esas informacións que xurdiron na prensa é certo que orixinadas no Comité de Empresa, non houbo ningunha reunión coa Xunta de Galicia, que é o 50% do consorcio, tamén iso si que podemos dar fe que non falaron con este grupo, que é o grupo maioritario, como acabo de subliñar.

A verdade é que a vicepresidenta da Deputación trasladoume o día 1, despois de que o tema estivera na prensa, esta cuestión, e en todo caso, neste caso tamén mostrar o noso malestar, porque estamos preocupados, cremos que é un tema serio, que é un tema que debería de estar á marxe do debate político, obviamente, e loxicamente estamos preocupados, en primeiro lugar pola situación dos traballadores, polo mantemento dos postos de traballo, polo custo para esta Administración, se a Xunta de Galicia está informada, que cremos que non, e loxicamente pola viabilidade xurídica e económica desa xestión directa, e polo tanto nesa liña queríamos coñecer se existen informes que avalíen a xestión directa, de ser o caso, loxicamente, Sr. presidente, estaríamos encantados en coñecer eses informes, que se fagan públicos e, por suposto, se eses informes son do propio consorcio ou se existe xa algún informe por parte dos servizos xurídicos ou económicos desta casa. Moitas grazas.

Sr. presidente

Efectivamente, este é un tema que comentamos nalgún Pleno e que é de relevancia, tanto polo importe económico, sobre todo pola prestación de servizo esencial da que estamos falando, e porque ademais afecta á súa conclusión, dunha maneira ou doutra, a máis administracións, neste caso á Xunta de Galicia e por outra parte, indirectamente ás outras deputacións que utilizan o mesmo sistema de xestión indirecta. A diferenza é que esta Deputación como ben sabes, ten contratos coas empresas, xa vencidos, e polo tanto o tempo aprémanos máis que ao resto das deputacións.

Ao respecto nós cun tema, como digo, tan importante mostramos desde o minuto un nesta Corporación e despois a posteriori comprobamos que é un criterio unánime de toda a Corporación a intención, a vontade política de recuperar as concesións e que non haxa empresas prestando servizo de rescate público e de incendios públicos na provincia da Coruña. Pero iso é unha vontade política, e nunca tivemos criterio para ver se iso era viable ou non era viable porque iso require, loxicamente, de informes que avalen esa postura. Nós tivemos varias reunións cos traballadores, a petición dos traballadores, que loxicamente están inquedaos por cambiar o modelo do sistema e por outra parte saber a nosa opinión. Tiveron reunións co goberno, tiveron reunións coa Corporación, con todos os representantes dos Grupos políticos, díxoselles que a nosa vontade por unanimidade era esa. O criterio non o tivemos ata hai uns días, é dicir, a presión dos traballadores era verse xa para saber ese criterio do Goberno provincial. Nós paralelamente temos reunións coas outras deputacións, houbo dúas reunións hai meses onde se nos urxía por parte da Xunta de Galicia en quince días, a petición era que en quince días emitíramos uns informes a ver se era viable xuridicamente e se era viable economicamente. En quince días non se fan informes serios. Houbo algún informe enriba da mesa por parte doutras administracións, deputacións, que era un informe de tres páxinas onde chegaba a conclusións da súa viabilidade, que nós non compartiamos aquí porque entendiamos que había que profundar moito máis. Esa explicación xa a din no Pleno,

chegamos a comprobar ata o prezo da póliza se o camión tiña dez anos ou tiña cinco, é dicir, un estudo feito ao céntimo, porque entendemos que isto ten unha relevancia, non para esta Corporación, senón para as vindeiras, e polo tanto, seriedade ao respecto.

A Xunta de Galicia e as deputación comprometémonos a presentar ese informe e as deputacións a facer, digamos que poñer en valor un informe conxunto, respecto do xurídico, respecto do económico non, porque cada Deputación é un mundo, a Deputación de Pontevedra e a Deputación de Lugo se puxeran en marcha este sistema teñen que rescatar as concesións coas seguintes indemnizacións ás empresas prestatarias do servizo, polo tanto, non están na mesma situación que estamos nós.

Polo tanto, esta Deputación, a petición dos traballadores mantén unha reunión este verán e avánzalles cal é o criterio do goberno, á vista das informacións, dos informes que se nos presentan desde o propio consorcio. A secretaria fai un informe onde analiza a posibilidade de traspasar o persoal actual das empresas concesionarias ao Consorcio Provincial de Bombeiros. Isoponse tamén en coñecemento do resto das deputación para intentar chegar a unha postura común. Nese informe trasládase aos traballadores que non se pode pasar de forma directa, evidentemente, que hai dúas opcións, que é a través de concurso-oposición ou de oposición libre, trasladamos o criterio do Goberno provincial que é concurso-oposición, e loxicamente hai un punto fundamental nese informe que é do que depende a viabilidade económica do sistema, que é que poidan seguir sendo rexido por convenio colectivo de traballadores, iso teñen que coñecer os traballadores, dáselles traslado dese avance do informe, que é o que se fixo o outro día. E na parte económica dáselles traslado da súa viabilidade económica hoxe en día cun montón de condicionantes que, loxicamente, van tardar un tempo en concretarse, é dicir, que se se ten que rexer por convenio colectivo hai que crear, hai que elaborar, redactar un convenio colectivo negociado con eles, vai levar o tempo que leva. Nós esiximos loxicamente que sexa un convenio a un prazo medio-longo, dez, doce anos, porque entendemos que se satisfan co rescate desas concesións a principal demanda dos bombeiros públicos da provincia da Coruña. Por outra parte, sempre sometido ao criterio de respectar o teito de gasto da Deputación, o que non podemos facer é por resolver un problema xerar un moito maior que tería incidencia na capacidade investidora desta Deputación e, polo tanto, incidiría na capacidade investidora dos concellos da provincia da Coruña. E por outra parte, sendo conscientes tamén, trasladando o criterio da Xunta de Galicia, respectando e compartindo, dixémolo na mesa, dixémolo antes, despois e agora mesmo, que a Xunta de Galicia é a segunda pata do consorcio, coa mesma porcentaxe que nós de representación, e que a súa postura evolucionou do non a unha postura que entendemos absolutamente lóxica, que é, a nós válenos o sistema que hai, entendemos que funciona eficientemente, non temos a urxencia de cambiar o sistema, e o que non imos facer é aumentar a achega en caso de que fora necesario.

A conclusión do avance que lle trasladamos aos bombeiros é simplemente que o informe xurídico está por parte do consorcio, que ten esas dificultades, que eles teñen que aceptar, que negociar cos propios traballadores, que isto ocasiona un procedemento moi complexo, que regula o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, que hai que facer unha memoria moi completa, que hai que xustificar a eficiencia do cambio do sistema e, polo tanto, é un procedemento longo e

que ten que cumprir unha serie de condicionantes. E desde o punto de vista de viabilidade económica, o borrador do informe, non o informe, o borrador do informe que nos traslada a xerencia do consorcio é que máis ou menos, en calquera caso non superaría o custo actual, paréceme que eran 40.000 euros menos que actualmente. É un borrador de informe, xa lle dixemos aos traballadores, non lle demos traslado de ningún deles porque entendiamos que primeiro habería que dar traslado, había Pleno do consorcio tres ou catro días despois, e íamos darlle traslado a eles mesmos, cousa que así fixemos, do seu contido, porque trasladar un borrador tampouco ten moito sentido, simplemente demos traslado do avance do procedemento, máis nada ca iso.

Pero en calquera caso queda moito traballo por diante para que esa situación chegue a concluírse e loxicamente os informes, unha vez que tiñamos, o xurídico xa volo podemos pasar, sen ningunha dúbida, o económico o borrador tamén, pero é un borrador, en todo caso non haberá practicamente diferenza co definitivo e iníciase un procedemento longo de negociación cos traballadores na parte xurídica, que loxicamente teredes un papel importante.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Simplemente agradecer a información e creo que tamén supoño que o resto dos grupos agradecerían contar coa mesma información que tiveron acceso os traballadores, aínda que sexan borradores, con ese condicionante.

Simplemente o seguinte é un rogo, creo que é sinxelo para o presidente e para o Servizo de Vías e Obras, é ao respecto dunha obra recentemente realizada pola Deputación, a DP 3204, en Vilasantar, simplemente subliñar que foi unha execución dunha senda peonil, e que visto o resultado, queda un espazo entre a propia senda peonil e o que é o firme da vía provincial, que os servizos da Deputación busquen unha solución para evitar que cando cheguen as choivas se degrade tanto o que é a vía provincial como a propia senda peonil. Máis nada.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.